



Vilalba en festas

Do 21 de agosto ao 8 de setembro

VIFRAUTO IVECO

REVISIÓN MULTIMARCA TACÓGRAFOS

KIENZLE

VEESER - ROOF TACÓGRAFOS




ANALÓGICOS



SIEMENS VDO



DIGITALES



Nº E9827004

TALLER AUTORIZADO ZF



VEHÍCULO INDUSTRIAL

TISVOL

Rancho y Semirrancho

AHORRA

EN EL CONSUMO DE TU VEHÍCULO

TRANSFORMA TU VEHÍCULO A AUTOGAS GLP GNC GNL

45% 25% ahorro en consumo



Financiamos la instalación, no dudes en consultarnos de cualquier forma

Pol. Ind. Sete Pontes P-20 VILALBA - LUGO - Telf: 982 510 960

WWW.TALLERESVIFRAUTO.COM



PROGRAMA

Dezaoto días para desfrutar das festas

A celebración arrancará o 21 de agosto cunha exposición e finalizará o día 8 de setembro co Día da Parroquia

Chegan un ano máis as festas patronais de Vilalba, o San Ramón e Santa María, darán comezo o xoves 21 de agosto e serán ata o 8 de setembro con algúns cambios con relación á edición do ano pasado.

Será unha nova ocasión para que os veciños da localidade podan desfrutar de actuacións musicais, a cargo das orquestras do momento e grupos tradicionais, así como de actos relixiosos e as súas reunións de sempre, que non poden faltar. A primeira celebración do programa será por tanto o mércores 21, coa inauguración da exposición *Pinceladas e Trazos* de Masú Santalla, ás 19.00 horas na casa da cultura, un acto organizado polo lescha.

O venres 30 entregarase o premio do Certame Literario e tamén será a lectura do pregón

O COMEZO

O programa propiamente dito dará comezo o xoves pola noite, ás 22.00, co concerto de Dúbida e Shera & Sile na praza da Constitución e, como non podía ser doutro xeito, o venres comezará coa tan esperada Xira, onde a mocidade poderá desfrutar da III sesión de Djs



Locais na explanada da Madalena. Participarán David García, Cris Vázquez, Diego Amido, Bris Trad, Decrux e Juan Chousa. O sábado 24 ao mediodía, o RC Vilalbés convocou no estadio da Madalena unha nova edición do Trofeo President, onde o equipo sénior xogará contra o

Bergantiños e, posteriormente, reuniránse todos, espectadores e xogadores, na explanada da Madalena para desfrutar na sesión vermú dunha actuación musical das orquestras Tokio e Greese, que terán dobre sesión, xa que tamén estarán na verbena da noite, de novo na

explanada da Madalena. Como final da Xira, o domingo só haberá unha sesión vermú á hora de xantar co Grupo M3 como acompañamento, no mesmo lugar de sempre, que tamén será onde se organice a Xira en homenaxe ao nosos maiores, que inclúe misa, sesión vermú co dúo Venus e xantar popular e que será o mércores 28 a partir das 12.30 horas.

O xoves 29 é a quenda da tradicional XXIX Festa da Bicicleta na que os veciños de todas as idades participan coa súa bicicleta, patín ou patinete nunha andaina non competitiva polo centro da vila. Ademais, os alumnos da academia vilalbesa Edrodance sorprenderán a todos cunha actuación na praza da Constitución. Tampouco podía faltar a XII exposición do lescha *Tal como eramos – Fotos para o recordo*, na que todos os vilalbeses reuniranse na sala de exposicións do auditorio municipal, ás 20.00 horas, para desfrutar dos máis emotivos recordos da localidade.

O PREGÓN

Pola súa parte, o venres 30 celebrarase a entrega do premio ao gañador do Certame Literario deste ano e a lectura do pregón, actos centrais das festas e que se desenvolverán, como todos os anos, no auditorio.

O acto do certame contará con

An advertisement for Zafiro Tours Vilalba. The top part features the company logo 'ZAFIRO TOURS VILALBA' in a green and white rounded rectangle. Below the logo, the text 'VIAJAR ES AÑADIR vida A LA VIDA' is written in a mix of bold, sans-serif and script fonts. The main image shows a man in a white shirt and grey pants leaning against a red vintage-style car, with a woman sitting on a bicycle in the background. At the bottom, the address 'Rúa Campo de Puerto 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544' and a Facebook icon are visible.

An advertisement for Herranz Odontólogos. The top part features the company name 'herranz' in a large, lowercase, sans-serif font. Below it, the text 'odontólogos' is written in a smaller font. The main body of the advertisement lists various dental services: 'ODONTOLOGÍA GENERAL Y ESPECIALIZADA', 'ESTÉTICA DENTAL', 'IMPLANTOLOGÍA CON CIRURÍA GUIADA', 'ODONTOLOGÍA DIGITAL', 'PERIODONCIA', 'ODONTOLOGÍA RESTAURADORA', 'BRUXISMO Y ATM', and 'ORTODONCIA - INVISALIGN®'. On the right side, there is a section for 'Odontopediatría y Ortodoncia' with the text 'La mejor solución para la salud bucodental de los más pequeños' and three circular images of children's faces. At the bottom, the address 'Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña' and 'Rosalia de Castro 4, bajo. 15320, As Pontes' are listed, along with the website 'www.herranzodontologos.com' and the phone number '981 255 874'.

diferentes colaboracións, que darán paso ás 21.30 horas ao concerto na praza de Santa María de Tanto Nos Ten, un espectáculo dentro do proxecto Emprazadas. Contarase coa presenza de artistas como, AC Entre Lusco e Fusco, Corredores de Sombra, alumnos da Escola de Teatro Movemento, a Banda e Minibanda de Música de Vilalba e estará presentado por Xulio Liz e Loli Soto.

OS PATRONS

O sábado 31, que é o propio día do San Ramón e o Día do Traxe Rexional, comezará cunha misa solemne cantada pola Coral Polifónica e unha procesión acompañada pola AC Entre Lusco e Fusco e Mato Vizoso, que actuarán á 13.30 horas na praza da Constitución para dar paso á sesión vermú da man da orquestra Stéreo. Seguindo coas actuacións musicais, a Banda de Música de Vilalba tocará, ás 22.00 horas, na rúa da Pravia e, xa pola noite, de novo Stéreo e Tango encargaranse da verbena.

Os oficios relixiosos continuarán ao día seguinte, Día de Santa María e, nesta ocasión, a misa estará cantada pola Coral Luar e a procesión irá da man de AC Andrade e Mesura de Nete. A sesión vermú estará protagonizada pola orquestra Pontevedra, que actuará ademais na verbena da noite, xunto ao grupo Beatriz. A maiores, o lescha proxectará un documental en homenaxe a Ramón Chao, ademais dun libro sobre o mesmo. Como inicio de semana, só haberá unha actuación musical de Essenza Quartet ás 19.30 horas na rúa da Pravia. E, para os



máis pequenos, haberá diversión especial, xa que o martes e mércores (3 e 4 de setembro) celebrarase o Día Infantil, dúas xornadas dedicadas con xogos de todo tipo que farán as delicias dos máis pequenos e pequenas que se acheguen a Vilalba. Comezará pola mañá na praza da Constitución ás 11.00 horas coa Biblioteca na rúa e con inchables, que durarán ata as 20.00 horas e, por outra banda, este primeiro día celebraranse a XXX Simultáneas de xadrez.

Para o mércores, está preparada unha festa da escuma, patrocinada por Entrepinares, cunha chea de xogos acuáticos tanto pola mañá como pola tarde.

FINAL DE FESTAS

Continuando nas actividades de setembro, haberá Djs e pasarrúas con música tradicional a partir das 20.00 horas, ademais dunha foliada na praza de Santa María. Tamén, a sala de exposicións do auditorio

municipal acollerá a presentación do foto-libro *Lumes* de Adra Pallón.

O sábado día 7 pola mañá, ás 12.30 horas, volverán os pasacalles a cargo do grupo tradicional Buxos Verdes. Así mesmo dará comezo o Torneo de Rugby 3x3 Santa María, que chega á súa terceira edición, e despois será a sesión vermú amenizada pola orquestra Fuego na praza da Constitución.

Pola tarde, ás 20.00 horas celebrarase no auditorio o Festival de Bandas Pepe Gun-

tín, que está organizado pola Banda de Música de Vilalba e a de Padrón. Xa pola noite, a sesión musical será a cargo das orquestras Fuego e Claxxon. O derradeiro día festivo, o domingo 8 de setembro, será o Día da Parroquia, que este ano está dedicado a Oleiros. Esta cita contará con pasacalles a cargo do grupo tradicional Cerna de Árbol, da Charanga de Vilalba, e acto seguido farase unha sesión matinal prolongada amenizada pola orquestra Travesía e o dúo Estrellas.



Haberá dúas sesións de inchables e xogos para os nenos e nenas, os días 3 e 4 de setembro

Occident

María Sara Pérez Díaz
Asesor financiero
Agente de seguros exclusivo
Nº Reg. Mediador C046833302628P



- SEGUROS DE AUTOMOVILES, FURGONETAS, ETC. • PRESTAMOS HIPOTECARIOS
- SEGUROS DE VIDA • SEGUROS DE AHORRO • PROTECCIÓN JURÍDICA FAMILIAR Y EMPRESA
- HIPOTECA INVERSA • SEGUROS DE HOGAR Y COMUNIDAD • SEGUROS PARA SU NEGOCIO Y PYME
- SEGUROS DE DECESOS • CUENTAS DE AHORRO • SEGUROS DE MOTOS
- SEGUROS DE CAMIONES • PLANES DE PENSIONES • PLAN DE PREVISIÓN ASEGURADO
- SEGURO DE ACCIDENTES • SEGUROS EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS...

PAGA TUS SEGUROS MES A MES SIN RECARGOS CON TU CUENTA ÚNICA REMUNERADA

CONFIANZA, PROFESIONALIDAD Y CERCANÍA NOS AVALAN

Consúltenos sin compromiso

Le asesoramos en:

Rúa da Pravia 50 - Bajo.

27800 - VILALBA (Lugo)

Tfno.: 982 511 957

sperez@occident.com

www.occident.com/agente/saraperez

COMISIÓN DE FESTAS

“Esperamos polo San Ramón todo o ano, o pobo empeza a moverse doutra maneira”

Seis veciños integran a comisión encargada de organizar este ano as festas patronais vilalbesas

Lucía Blanco

Por primeira vez despois de varios anos nos que era o Concello o responsable das patronais, Vilalba volverá estar de romaría grazas a unha comisión. “Estamos loitando para que os veciños teñan unhas festas e se xunten cos seus seres queridos”, contan Ramón Cela e Vicente Currás. Xunto a eles, Cristina Camba, Sonia Prieto, Marta Vilasuso e Charlie Rego animáronse e deron un paso adiante para traballar a favor da celebración máis esperada no municipio. As foliadas, pasacalles, verbenas, presentacións, actividades para os máis cativos, a Xira ou o Día da Bicicleta non faltarán no San Ramón despois de moitas horas de traballo. “Andar, pedir, falar moito e días e máis días de dedicación”, así se podería resumir o seu esforzo para manter a cita no calendario.

Como está a ser esta comisión?

Temos moito traballo e ímolo facendo como podemos. Somos 6, pero un está fóra entón é

“O pobo estivo a punto de quedar sen festas. Así que fixemos unha asociación cultural e botamos para adiante”



complicado. Ímolo facendo entre as rapazas; Ramón, que é madrileño, veu este ano para aquí e é unha persoa moi activa, polo que dá gusto que haxa xente que colabore e mire por facer algo; e eu. Aproveitamos que tamén nós estamos xubilados.

Tiñan experiencia previa na organización de festas?

Eu (Vicente) si tiña. Esta é a sexta que fago, fíxenas no ano 80, no 82, no 94 fun presidente e no 2022 e no 2023 fixen o libro das festas por encargo do Concello xunto cun compañeiro. Este ano dixéronme se as facía e dixen que só que non, pero que

se xuntaban unha comisión pois que me animaba. Traballei en publicidade entón encargueime dos especiais do San Ramón ou da Feira do Capón e coñezo moita xente.

Por que decidiron dar o paso?

O pobo estivo a punto de quedar sen festas. Así que fixemos unha asociación cultural e botamos para adiante. Sobre todo a hostalaría era a que tiña que colaborar máis porque son tamén os que levan os beneficios, saben o que hai e o tempo que se perde.

Que diferencias pode haber entre unha comisión fronte

á organización por parte do Concello?

Entendo que se o fai o Concello xa te podes esquecer do tema publicidade, tes o presuposto que tes, xestionas as orquestras e os gastos fixos e falo. Non fai falta patear o pobo moitas veces como temos que facer nós. Porque tes que buscar diñeiro por todos os lados e moverte. Detrás hai moitas horas e días de traballo, ao mellor para facer unha contratación botas un día enteiro.

Recibiron 60.000 euros por parte do Concello, pero isto non é suficiente. Como vai a



pintura de fachadas | escayola
interior | parquet
pladur | papel decorativo
etc

**PINTURAS
SAN ROQUE**

Nuestra tienda en Plaza de San Roque Nº 2 (Detrás de Godis) · Vilalba
sanroque@pinturas-sanroque.com · Telf/Fax: 982 511 524 · www.pinturas-sanroque.com



recadación?

Estamos vendendo rifas por 5 euros para o sorteo, que será o día 9 de setembro, dunha viaxe valorada en 2.000 euros sen data e a ver como vai indo a cousa. Podes ir a onde queiras, sen ser un sitio concreto, mesmo podes facer varias viaxes e non só unha soa. Porque tamén hai xente que ao mellor non pode marchar moitos días seguidos, pero pode irse varias fins de semana, entón está moi ben.

Buscar a financiación é o máis complicado?

Si. É o que leva máis tempo e o máis desagradable tamén. Tamén facemos o libro da festa, no que buscamos colaboracións con xente para que nos escriban unhas palabras, pero moitos dos que fan un anuncio é por compromiso dunha maneira ou doutra. Non estamos pedindo

polas casas. Temos unha conta aberta para que os veciños poidan ingresar o que queiran.

Cando comezaron a traballar no programa?

Xuntámonos en abril, pero empezamos a mediados de maio cando comezamos a facer anuncios por aí.

En moitas vilas e parroquias traballan mesmo cun ano de antelación. Prexudicoulles preparar o programa uns meses antes?

Nós ao formar a asociación estivemos esperando a que nos chegaran os papeis porque queríamos ter todo en regra. Entón igual nos retrasamos un mes, pero mellor facer as cousas ben. Seguen unha dinámica semellante ás edicións anteriores? Si. Por exemplo, o sábado, que é o día forte da Xira temos dúas orquestras, e o martes será a Xira da Terceira Idade, que a fai

a Concellaría de Benestar este ano ao contar con tan pouco presuposto. O día 29 é o Día da Bicicleta, organizado pola Casa da Xuventude, o 30 terá lugar o certame literario que cumpre 50 anos e o pregón e o 31 tamén renderemos homenaxe ao traxe tradicional.

Van a recuperarse algunhas das tradicións que se deixaron atrás como a raíña das festas?

En principio non. O tema das raíñas e das damas deixouse de facer e hai diversidade de opinións. Porque a uns gustáballes, mesmo ás cativas que ían de damas e de raíñas, pero a outros non. Hai xente que di que é sexista, pero era unha cousa que non era obrigada, ía quen quería.

Que significa para vostedes o San Ramón?

É moi importante, é polo que estás esperando todo o ano.

Sobre todo o día 31 porque vén xente que só a ves ese día, que ao mellor non a encontras en todo o ano. A Xira tamén é algo moi tradicional. Foi no ano o 82 cando foi para a Madalena, que é onde se sigue facendo, porque antes era nunha carballeira. Cando se inaugurou a praia, estaba na comisión e pensamos en levala para aí e darlle auxe e foi increíble. Antes ao mellor podían ir 300 persoas e ese ano igual xuntamos 3.000 e foi crecendo máis e máis. Xa sempre se di: Vémonos o ano que vén na Xira!

Poderíase dicir que xa se nota no ambiente.

Cando empeza a chegar a xente á festa, porque a xente colle vacacións para vir, xa empeza o pobo a moverse doutra maneira, hai outro ambiente nos bares, xa nas rúas ule a roscóns, que é o noso doce tradicional.

“Nós ao formar a asociación estivemos esperando a que nos chegaran os papeis porque queríamos ter todo en regra. Entón igual nos retrasamos un mes, pero mellor facer as cousas ben”

VEO VEO

2x1

Monofocales · Progresivas · Sol

Para que veas veas



OPTICALJA CALLAO

LUGO | FERROL | ASPONTES | NARÓN | ORTIGUEIRA

Sempre se cobrará a gata de maior importe. 1ª Gata graduada de vista, lentes monofocales ou progresivas, cunha calquera montura de calquera marca dispoñible en el establecemento. 2ª Gata sen coste adicional para a mesma montura. Riscos, Trend, PUBLIDIAL con a mesma graduación e tratamento que a 1ª gata. Tamén de sol en graduación marcas Trend y PUBLIDIAL. Los productos sanitarios objeto de esta promoción son compatibles con las ayudas de las autoridades competentes.

PREGOEIRO

“O 50 aniversario do certame literario vai a ser unha parte importante no pregón”

O poeta vilalbés Miguel Barrera será o pregoeiro do San Ramón e Santa María

Lucía Blanco

Miguel Barrera leva a Vilalba no sentir, na lembranza e tamén na escrita. O libro das festas do San Ramón e Santa María do 88 acolleu o seu primeiro poema publicado e a homenaxe a súa vila a través da obra Poema da rúa das aves converteuno en gañador do Certame Literario Concello de Vilalba fai xa 5 anos. Agora o escritor, que forma parte do Grupo Bilbao de poetas galegos afincados en Madrid e é fundador da Asociación Letras da Serra Norte, será pregoeiro das patronais da súa vila natal.

Esperábase a noticia?

Non mo esperaba, mesmo cando mo contaban pensei que mo estaban dicindo de broma. Encima sendo escritor é unha oportunidade para mostrar o que escribes e o que expresas. Moitos xa saben do meu traballo pero os máis novos quizais non tanto e paréceme moi importante.

Ten pensado o que vai a dicir diante dos veciños?

Creo que foi determinante e axudou a tomar a decisión que eu fose un dos últimos vilalbeses



en gañar o certame literario, que este ano cumpre o 50 aniversario. Evidentemente esta vai ser unha parte importantísima, o propio certame, os seus 50 anos, os diferente gañadores e tamén as distintas etapas porque non todas foron coma esta.

Estamos a falar dunha cita de referencia en toda a comunidade.

É o decano en Galicia. Certames que lle dean tanta pompa coma este non hai. Hainos que se organiza o certame, publícase o premiado e nun pequeno acto faise a entrega do premio. Pero coma este, que se inclúe dentro

do acto de principio das festas, non coñezo ningún caso aquí. En Madrid había un pero tamén morreu. O normal é adoptalo como un acto cultural máis dentro das actividades anuais.

Actualmente reside en Torrelaguna, en Madrid. Hai moita morriña?

Si porque un onde nace garda sempre recordos. É verdade que o día a día faiche atender ao presente, pero si que sempre tes eses recordos.

Como lembra o San Ramón?

Como calquera rapaz de pobo recordo as primeiras etapas da infancia e da primeira adoles-

cencia que se facía moito na rúa e mesmo de noite, ir a comer as sopas de allo á Paloma, que tiña un encanto moi grande. Despois viñeron as discotecas, a JM76, que se chamou Troco, e despois xa íamos a eses locais. Estaba tamén a xente forasteira, que vías ao mellor de cando en vez e era moi entrañable e tamén o feito de xuntarse coa familia. Hai momentos moi bonitos e de gran recordo.

As patronais tiveron que ver en parte nos inicios da súa traxectoria como poeta.

O primeiro poema que publiquei foi no libro das festas. De aí si que

BELEN ROUPA
HOGAR PAQUETERIA LENCERIA
 Calvario, 9
 Tif: 982 511 419
 VILALBA

A CONFIANZA
 PASTELERÍA
 Ana M.ª Graña Rego
 M.ª Jesús Souto Villares
Deséxanlles Felices Festas
 C/ Plácido Peña, 27
 Telf.: 982 511 734 VILALBA (Lugo)

FP Ferretería Puentes, S.L.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
 Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO
 fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



comecei a publicar nalgún xornal, pero xa con vontade de escribir un libro empecei en Santiago, onde escribín Na árbore do desespero, pero tivo que esperar ao 2002 para ser publicado no lescha. O primeiro libro publicado foi no 1993, Loita de silencio, que foi unha autoedición pero financiada polo Concello de Vilalba. **En Na árbore do desespero adiantouse ao seu tempo ao facer unha denuncia contra a violencia de xénero.**

Ese libro escribino entre o 1986 e o 1988, nuns anos nos que o feminismo existía pero non se falaba como agora e moito menos por voz dun home. Por iso está en primeira persoa do feminino. Xurdiu por algo aterrador, por unha nota de prensa que lin nun bar da rúa do Billar sobre unha rapaza que escapaba do home e acabou tirándose dun terceiro piso. Conmouveume moito e deume por maquinar como eran esas horas de fuxida.

Agora traballa precisamente nunha edición bilingüe desta obra.

Por idea da poeta Cristina Penalba e da miña filla, estámolo traducindo para facer unha edición bilingüe e publicalo aquí en Madrid con imaxes moi bonitas a lapis doutra artista. O bo é que

a miña filla vai rescribir o final e vai facerse un novo, máis actual, onde ela non morre. Daquela contábasllo a alguén e quedaba no auténtico silencio, na auténtica indiferenza.

Poema da rúa das aves, inspirado nunha das rúas da vila, na Porta de Cima, resultou gañador da 45 edición do certame literario. Como se fraguou esta homenaxe a Vilalba?

Ten moitas lecturas, unha é aos poetas. A editorial Alvarellos, dada a complexidade que ten o formato e a mensaxe, pediume que fixera unha explicación e fixen unha introdución en tres planos. Por un lado está Vilalba e a rúa que era a principal no seu momento e a todos os veciños desa rúa púxenlle nome de paxaros coas connotacións das personalidades da familia. E despois está o feito de que o escribín en formato guión. Se ves as diferentes partes, na primeira descríbense aos personaxes con respecto ao que vai facer nas diferentes escenas e tamén fago referencia á obra que fixeron en vida. E despois está a obra propiamente dita, que é a historia de Gata non Gata e os seus gatiños escrita como un guión cinematográfico. Describo as escenas, poño unha voz en off e cada



estrofa é unha secuencia, como unha toma de cámara. O xurado díxome que non só por tocar o tema de Vilalba senón pola orixinalidade da obra mereceu a pena premiarme.

Pódese dicir que tivo unha clara influencia dos poetas da Chaira?

Eu en galego lin antes aos Novísimos que a Manuel María. Os Novísimos é un libro onde se fai unha colleita dos grandes poetas. Nese libro aparecía Xesús Rábade Paredes, Margarida Ledo Andión, Darío Xohán Cabana e Félix Vergara Vilariño. Para min as primeiras referencias nas lectura

foron eles. Despois veu Rosalía, Manuel María e despois, xa en castelán, a Xeración do 27.

Como valora a escena poética actual en galego?

Este ano estiven coa editorial Alvarellos na Feira do libro en Madrid e podo asegurar que a literatura galega está tendo un interese enorme. Eu son dos que pensan que estamos pasando unha época extraordinaria, é verdade que se le pouco en galego, pero iso é por outro contexto. Pero a nivel de calidade e de personalidades é extraordinario, sobre todo en poesía.

ESPECIALISTA EN INSTALACIÓN DE LINEAS DE VIDA Y PROTECCIÓN COLECTIVA

ProLaVi

LINEAS DE VIDA
ESCALERAS DE ACCESO
MALLAS PARA TRASLUCIDOS
BARANDILLAS
REDES DE SEGURIDAD

DISTRIBUIDORES AUTORIZADOS

TRACIAI
gm
DELTA PLUS
Your safety at work
ROMBULL
RETEL, CORREDOR Y MALLA

IRU
DEK
somain
SECURITE

P.I. SETE PONTES - RÚA CERDEIRA, P-31
27800 VILLALBA 982 512 184

ProLaVi.es

AV. CIUDAD DE LUGO 16 - BAIYO A
27860 VILLALBA 982 512 184

PREMIO LITERARIO

Andrea Fernández Maneiro vence neste 2024

A periodista arousana físoxe co galardón, dotado 7.000 euros, entre un total de 27 obras presentadas

Andrea Fernández Maneiro é a gañadora da 50 Edición do Certame Literario do Concello de Vilalba coa obra *Meridiano Orixe - A raposa que anda aos girlos*. Baixo a presidencia da Concelleira de Cultura Tamara Rodríguez e actuando como secretaria técnica de Cultura Sonia García Paredes, o xurado formárono a escritora vilabesa Cecilia Fernández Santomé; Darío Villanueva, membro da Real Academia Española; Ramón Villares, catedrático de Historia; Xulio Xiz, xornalista; e Fidel Fernán, director do grupo de Radio Principal.

Andrea Fernández Maneiro, nada en Carril-Vilagaría de Arousa (10/2/64) é locutora de radio “de vocación e profesión”. Traballou na Cadena Ser, na Radio Galega e varias municipais, mais agora só exerce moi de cando en vez e “padece do mono das ondas de xeito persistente”, logo de máis de quince anos de deixalo. O seu hábitat natural é a poesía, en letra e imaxe aínda que ás veces déixase levar polo microrrelato. Andrea Fernández recibirá como premio 7.000 euros e a publicación do poemario, que tivo que

competir con outras 27 obras presentadas. Esta autora ten varios premios no seu haber por obras anteriores, entre os que figuran o Torre de Caldaloba do 2021, o Manuel Leiras Pulpeiro do 2020 ou o Eduardo Pondal. Tamén foi segunda no Premio Vilarías do 2020 e finalista doutras moitas citas. O premio entregárase no acto principal das festas, a gala na que tamén se lerá o pregón e que este ano ten un cariz especial ao cumprir este medio século de vida. A gala será no auditorio, ás 19.00 horas, e contará con numerosos artistas como Entre Lusco e Fusco, Corredores de Sombra, a Banda de Música e a Minibanda, Movemento Vilalba e o alumnado da escola de Teatro. Con motivo deste 50 aniversario o Concello quixo facer mención a todos e cada un dos gañadores desta cita cultural coa lectura do poema gañador a través dun persoeiro da vida cultural e social do Concello. Así e ata o día da entrega foron publicándose estes nas redes sociais municipais co obxectivo de poñer de relevo este certame.



A historia en 50 poemas

- **1975:** *Antifona de Galiza Presentida. Galiza Salmo da voz pra darse*, de Xabier Rodríguez Barrio.
- **1976:** *Elegía Miguel Hernández*, de Xesús Álvarez Paredes.
- **1977:** *A Emigrante*, de Manuel Rodríguez López.
- **1978:** *Ábrelle a porta ó día*, de Darío Xohán Cabana.
- **1979:** *Paz e Palabra*, de María del Pilar Campo Domínguez.
- **1980:** *Ode Chairega*, de Darío Xohán Cabana.
- **1981:** *Elexía en tempo de antróido*, de Félix Vergara Vilariño.
- **1982:** *Pedra de Compostela*, de Darío Xohán Cabana.
- **1983:** *Chaira no corazón*, de Darío Xohán Cabana.
- **1984:** *Estancias do regreso*, de Darío Xohán Cabana.
- **1985:** *A lenda dos aldeiros*, de Federico Jiménez Asenjo.
- **1986:** *Sonetos para enchelo baleiro da túa ausencia*, de Fiz Vergara Vilariño.
- **1987:** *Senoras do pasado*, de Darío Xohán Cabana.
- **1988:** *Homenaxe e elexía a Álvaro Cunqueiro*, de Darío Xohán Cabana.
- **1989:** *Pastora de sorrisos*, de Fiz Vergara Vilariño.
- **1990:** *Amor en teoloxía*, de Helena Villar Janeiro.
- **1991:** *A terra, o tempo e os visitantes*, de Manuel Xosé Neira López.
- **1992:** *A mi príncipe azul*, de Verónica Cernadas Arcas.
- **1993:** *Sonetos de amor e morte*, de Darío Xohán Cabana.
- **1994:** *Animal sen fel*, de Fiz Vergara Vilariño.
- **1995:** *Luz de solpor na Terra Chá*, de Miguel Anxo Fernán Vello.
- **1996:** *Cos pés na chaira e un canto na alba*, de Xosé Neira López.
- **1997:** *Diante dunha Foto na Prensa dun Mozo Asasinado*, de María del Pilar Campo Domínguez.
- **1998:** *Catro lúas e a da morte*, de María del Pilar Campo Domínguez.
- **1999:** *Que eu non daría por un sorriso teu*, de Baldozero Iglesias Dobarro.
- **2000:** *Materiais do Campo*, de María del Pilar Campo Domínguez.
- **2001:** *Na soidade charamuscas, de noutro me visitan*, de Baldozero Iglesias Dobarro.
- **2002:** *O derradeiro heredeiro*, de Xoán Neira López.
- **2003:** *Señor, as túas pupilas som moi azuis*, de Vicente Ferreiro González.
- **2004:** *Semántica desorde*, de Pablo Bouza Suárez.
- **2005:** *Diário dun ser perdido*, de Martiño Maseda.
- **2006:** *Vilalba*, de Baldozero Iglesias Dobarro.
- **2007:** *Codias Canda Min*, de María Goretti Fariña Caamaño.
- **2008:** *Atafegando o Asfalto*, de Xosé Otero Canto.
- **2009:** *Ingrávido Signo*, de Pablo Bouza Suárez.
- **2010:** *Na Intimidade do Azougue*, de Pablo Bouza Suárez.
- **2011:** *Río Alzheimer*, de Carlos Pereira Martínez.
- **2012:** *Quenda da Catividade*, de Xoan Xosé Piñeiro Cochón.
- **2013:** *Os Privilexios dos Somnambululos*, de Pablo Bouza Suárez.
- **2014:** *Abrindo Fiestras en Carne Viva*, de Carlos López Fernández.
- **2015:** *Adagio por Outono*, de Modesto Fraga Moure.
- **2016:** *Telúrica*, de Xosé Otero Canto.
- **2017:** *Antídoto*, de Emma Pedreira Lombardía.
- **2018:** *Cartafol de Miraxes*, de Aleixandre Lago Barcala.
- **2019:** *Poema da Rúa das Aves*, de Xosé Miguel Barrera Vázquez.
- **2020:** *Obra inacabada de Dosinda Christensen*, de Xerardo Quintiá Pérez.
- **2021:** *Retorno sen Volta*, de Xosé Lastra Muruais.
- **2022:** *As feridas dun amor efémero*, de Jesusa Camaño.
- **2023:** *Cartas de Conxo (O legado das Távoras)*, de Xurxo Alonso.
- **2024:** *Meridiano Orixe (A raposa que anda aos girlos)*, de Andrea Fernández Maneiro.

CARNICERÍA FREBAS
TFNO.: 982 510 392

MERCAUTO

 DESDE 1987

TU AUTOMÓVIL EN LAS MEJORES MANOS

 + más de 1500 vehículos en stock

 chapa/pintura, mecánica y electricidad

 grandes ofertas en neumáticos

Pol. Ind. Sete Pontes, P17 - 27800 Vilalba (Lugo)

 Tel.: 982 511 313

 email: ventas@mercauto.cb.com

 web: www.mercauto.cb.com

As orixes dun certame referencia na Terra Chá

Loly Soto é a concelleira que sacou adiante a iniciativa do Certame Literario e relata en primeira persoa como foi

María Dolores Soto

No Pleno Extraordinario do 7 de febreiro de 1971, sendo alcalde D. Jesús Gayoso Rey, tomei posesión do cargo de concelleira. Meses despois e logo de que o Certame Literario de la Tierra Llana deixara de celebrarse, pensei en volver retomalo. Falei co entón secretario do Concello, D. Carlos Pardo Menéndez, para pedirlle que me asesorara. Díxome que non era posible, porque os alcaldes da comarca deixaran claro que non querían seguir con esta celebración polo custo que lles ocasionaba e pola falta de local onde celebralo. Foi entón cando me xurdiu a idea de crear un Certame Literario do Concello de Vilalba e a idea pareceulle viable.

1975 foi o Ano Internacional da Muller e, por este motivo, o Sr. Alcalde, D. Francisco Roca Agras, no Pleno Ordinario de marzo, propúxome como presidenta da comisión das festas patronais. Todos os membros da Corporación apoiaron a proposta baseándose en que, por ser o Ano Internacional da Muller, tiña que aceptar (o ano anterior, o entón alcalde, D. Vicente Vázquez Peña, fixérame tamén esta proposta, proposta que rexeitei). Pero, nesta ocasión vinme na obriga de aceptar pero coa condición de que me acompañase algún membro da Corporación Municipal. Ofrecéronse

para os concelleiros D. José Sanjurjo Lozano, D. Gabriel Cabarcos Prieto, D. Jesús Gayoso Rey e D. Manuel Currás González. Tamén formaban parte da mesma o alcalde, D. Gabriel Cabarcos Prieto, Dona Luz Baamonde Díaz, Dona M^a Jesús Villar Rúa e Dona M^a del Carmen Baamonde Díaz.

Na primeira reunión celebrada cos membros da comisión de festas propúxenlles a idea da creación dun Certame Literario e pareceulle unha excelente idea. O seguinte paso era presentarlle a proposta ao Señor alcalde e así o fixen.

Segundo figura no Pleno Ordinario do 8 de abril de 1975, o punto 6^o da orde do día di: "a Alcaldía dá conta desta proposta e a somete a consideración dos concelleiros. A Corporación Municipal, alí presente, manifestou por unanimidade a súa conformidade coa proposta". Así comenzo a súa andaina o primeiro Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba.

Ao día seguinte, a comisión de festas comezou a darlle forma ó proxecto. Pensamos que D. Xosé Luís García Mato, como poeta e como coñecedor dos ambientes literarios, podía axudarnos e que tamén D. Xulio Xiz, pola súa participación en eventos deste tipo, podía sernos útil. Ambos nos asesoraron e encargáronse de confeccionar as bases.

En nome tódolos compoñentes daquela comisión de festas, da que fun presidenta, noso máis profundo agradecemento.

Cando me entregaron as bases do certame paseillas ao Sr. alcalde.

Na sesión ordinaria do Pleno de 10 de xuño de 1975, no punto 9 da orde do día di: "Pola Alcaldía dase conta das bases do primeiro Certame Literario do Concello de Vilalba, que lle foron entregadas pola presidenta da comisión de festas, organizadora do certame e ás cales dase lectura. O Pleno queda enterado e manifesta a súa conformidade con ditas bases".

Na sesión extraordinaria do Pleno do 29 de agosto de 1975 no punto 6^o da orde do día di: "...mañá día 30 clausúrase o Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba".

Aínda o Certame Literario non estaba totalmente consolidado. A súa consolidación definitiva tivo lugar na sesión ordinaria do Pleno do 16 de xuño do ano 1976. No punto 8 da orde do día, rogos e preguntas, di textualmente: "... aberta esta sección intervén a Srta. Soto Rouco que solicita información do Sr. alcalde sobre si, na programación que ten feita a comisión de festas figura a celebración do Certame Literario.

Contesta a Presidencia que a comisión de festas non se compromete a organizalo, xa que son moitos os problemas que teñen.

Intervén novamente a Srta. Soto Rouco, que fai unha exposición de que o certame iniciado o ano pasado debe continuar en anos sucesivos, e neste sentido maniféstanse todos os Sres. concelleiros. Responde o Sr. alcalde que el tamén está de acordo en que se celebre o



certame, pero como a comisión de festas non o organiza debe de facelo o Concello e propón que se encargue disto a Srta. Soto Rouco. Todos os concelleiros prestan a súa conformidade á suxestión da Alcaldía". Así, queda creado como Certame Literario do Concello de Vilalba.

Ata o 24 de abril de 1979 data na que cesei como concelleira continuei sendo a encargada de organizar este evento. Despois seguíu colaborando cos concelleiros de Cultura durante dúas lexislaturas máis. Tódolos acordos relacionados co Certame Literario sempre foron aprobados pola unanimidade dos membros da Corporación que asistiron aos distintos plenos. Todos os membros da Corporación creadora do certame faleceron e, aínda que sexa un recoñecemento póstumo, sintome na obriga e no

deber de facer público o meu agradecemento por todo o apoio que de forma incondicional me prestaron. Todos eles implicáronse na creación deste importante acto cultural que enriqueceu e promocionou a cultura de Vilalba e de Galicia.

É de agradecer e valorar que dende entón, as sucesivas corporacións municipais continuaron coa celebración deste Certame Literario, engadindo certas modificacións nas súas bases e nos seus premios, ata o día de hoxe, no que quedou como único o premio de poesía. Debido a este traballo continuado ó longo de todos estes anos hoxe podemos celebrar con xúbilo o seu 50 aniversario. Deséxolle unha longa vida e pido que ano tras ano as sucesivas corporacións se impliquen no crecemento do seu prestixio nos ámbitos literarios.

CONSIGUE LA CERTIFICACIÓN MÁS DEMANDADA POR LAS EMPRESAS DEL SECTOR DE LA ENERGÍA EÓLICA

GWO BST

TRABAJO EN ALTURA | EXTINCIÓN DE INCENDIOS

PRIMEROS AUXILIOS | MANIPULACIÓN DE CARGAS

Formación **NEWTON**

INFORMACION@NEWTONACADEMIA.ES
WWW.CURSOSGWO.COM

GW CERTIFIED TRAINING PROVIDER | 2021

RUA MACIÑEIRA PARCELA 32, POLIGONO SETE
PONTES 27800 VILLALBA
TLF: 982 52 32 38

Bárbol Travel

Bárbol Travel ao teu carón, máis que nunca. BOAS FESTAS!

www.barboltravel.com

624 029 078 | @barbolviajes | 981 45 22 45

Café Centro

Rúa da Pravia, 30 - 27800 Vilalba (Lugo) - Tel.: 608 450 390

Visítanos en

INFANTIL

Dúas xornadas para os máis pequenos da casa

Entrepinares financiará os inchables e xogos acuáticos que se desenvolverán os días 3 e 4 de setembro

O Concello de Vilalba a través da Concellería Infancia e Xuventude e o Grupo Entrepinares firmaron este ano un acordo de colaboración polo que a esta empresa será a encargada de promocionar diversas actividades lúdicas e recreativas das que se van beneficiar os veciños de Vilalba e da comarca, e pensadas para o público infantil. A casa da cultura foi o epicentro da presentación na que interviñeron a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, a concelleira de Infancia e Xuventude, Paula Vigo, o Conselleiro delegado de Entrepinares, José Manuel García Bejines e o director da fábrica en Vilalba, Javier Gato. O acordo consiste en patrocinar os Días Infantís das festas do San Ramón e Santa María os días 3 e 4 de setembro, así como formar parte da programación de Samaín e parte da programación do Nadal. Así, os días infantís das Festas Patronais de Vilalba incluírán un día con inchables, un touro mecánico, unha Shotter Gallery, un simulador de surf, unha Nerf Battle Arena e un fotomatón con plataforma 360, e un segundo día no que os nenos e nenas poderán gozar de actividades acuáticas, grazas á instalación, tamén na Praza da Constitución, dunha rampla esvaradía, varios inchables acuáticos e unha festa da espuma que será o broche final dos días infantís. Ademais, durante ámbalas dúas xornadas, Entrepinares achegará o seu novo lanzamento,

Inchables, un touro mecánico, xogos acuáticos e festa da espuma forman a oferta deste ano para a rapazada vilalbesa



un *snaking* de queixo destinado principalmente ao consumo infantil e que se fabrica integramente na localidade.

Tanto os inchables do primeiro día como as actividades acuáticas do segundo terán un horario de 11.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 e ámbalas dúas sesións serán na praza da Constitución.

“Queremos que os nenos teñan un maior número de días dedicados a eles nas festas patronais, así como van contar cun recuncho onde lles imos deixar probar este novo produto que se fabrica en Vilalba, un queixo perfecto”, sostivo a rexedora.

Entrepinares pretende “destacar pola calidade dos seus produtos e polo seu compromiso coas tradicións e celebracións que fortalecen os lazos sociais e culturais entre os veciños”. Segundo as súas palabras, “este acordo é unha mostra de agradecemento pola confianza e o apoio recibido ao longo destes anos, e reafirma a nosa vocación de ser unha empresa que contribúe activamente ao benestar da sociedade vilalbesa”.

O día infantil é un dos máis esperados pola cativada e este ano polas sorpresas que se inclúen e este ano contará ademais con ser dobre.

Pola súa parte, a colaboración seguirá na festa do Samaín, na que haberá o tradicional concurso de cabazas decoradas e o túnel de terror, así como ambientación e distintos inchables.

Finalmente, a programación de Nadal na que colabora o Grupo Entrepinares, incluírá a visita de Papá Noel, postos con flocos de millo e algodón de azucre e inchables para os nenos para pasar unha tarde divertida. A maiores, haberá

actividades para os nenos do rural, como *lasertag* e outras.

O conselleiro delegado do Grupo Entrepinares, José Manuel García, dixo que para eles a colaboración “é un activo importante” para a empresa. Así, explicou que levan colaborando co Concello en diversas actividades “para xerar máis valor para o Concello”, e este ano a proposta está enfocada en “apoiar á xuventude e aos nenos da comarca” porque “nos parecen moi interesantes as actividades, xa que é bo para o concello e para os traballadores que participan tamén delas”.



Xister
ENXEÑERÍA RURAL

Rúa Guitiriz N°8 Baixo, Vilalba 27800 Lugo
Tifs: 982 51 20 88 - 689 00 72 41

CAFÉ-BAR TORRELAVEGA
DESDE 1964

Xa estamos de volta

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilalba (Lugo)
Telf.: 982 510 581
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación
Venta y reparación

399€
LAVADORA BEKO WRA8615XW
Vapor Steam Cure
15 Programas
Motor ProSmart Inverter

189€
LED 32" JVC LT-32VAH3305
HD • Smart TV • Android TV • WiFi • 1 USB

799€
COMBI LG GBV3100CPY
Frigorífico: 234 L.
/congelador: 110L.
Multi Air Flow
Alarma en puerta

639€
LAVAVAJILLAS BOSCH
AquaStop
Cestas VarioFlex
Rackmatic 3 niveles
Descarga programas



MÉRCORES | 21 de AGOSTO

19:00 h. Casa da Cultura
Inauguración da exposición "PINCELADAS E TRAZOS" de María Jesús Santalla (Masu)

XOVES | 22 de AGOSTO

22:00 h. Templete Praza da Constitución
Concerto de DUBIDA e SHERA & SILE

XIRA CAMPESTRE | 23, 24 25 de AGOSTO

VENRES | 23 de AGOSTO

21:00 h. Explanada da Madalena
III SESIÓN DE DJS LOCAIS
DAVID GARCÍA, CRIS VAZQUEZ, DIEGO AMIDO, BRIS TRAD, DECRUX E JUAN CHOUSA

SÁBADO | 24 de AGOSTO

12:00 h. Estadio da Madalena
TROFEO PRESIDENT organizado polo Racing Club Villalbés.
Xogan RACING CLUB VILLALBÉS - BERGANTIÑOS

14:00 h. Explanada da Madalena
VERMÚ amenizada polas orquestras TOKIO e GREESE

22:30 h. Explanada da Madalena
VERBENA amenizada polas orquestras TOKIO e GREESE

DOMINGO | 25 de AGOSTO

14:00 h. Explanada da Madalena
VERMÚ longa coa actuación do GRUPO M3 co que se dá por rematada a Xira

MÉRCORES | 28 de AGOSTO XIRA DOS NÓSOS MAIORES

12:30 h. Explanada da Madalena
MISA CANTADA pola CORAL LUAR
SESIÓN VERMÚ amenizada polo DUO VENUS
12:30 h. XANTAR POPULAR

XOVES | 29 de AGOSTO XXVIII FESTA DA BICICLETA

HORA DE SAÍDA: 19:30 h. Praza da Constitución dirección praza Suso Gayoso continuando por rúa da Pravia hacia o Megagadis...

20:00 h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba

Inicio da XII exposición "TAL COMO ERAMOS - FOTOS PARA O RECORDO"

21:00 h. Templete Praza da Constitución
Actuación de alumn@s da academia EDRODANCE

VENRES | 30 de AGOSTO DÍA DO PREGÓN

19:00 h. Auditorio Municipal de Vilalba
GALA 50 ANIVERSARIO DO PREMIO DE POESÍA CERTAME DE VILALBA, co peche do pegoiro desexando boas festas.
ARTISTAS INVITADOS: A.C. ENTRE LUSCO E FUSCO, CORREDORES DE SOMBRA, BANDA DE MÚSICA DE VILALBA + MINIBANDA, ALUMNOS DA ESCOLA DE TEATRO, MOVEMENTO PRESENTAN XULIO XIZ CON LOLI SOTO

21:30 h. Praza de Santa María
Concerto EMPRAZADAS coa actuación de TANTO NOS TEN

SÁBADO | 31 de AGOSTO DÍA DO PATRÓN SAN RAMÓN

12:00 h. Igrexa de Santa María
MISA SOLEMNE na honra de San Ramón cantada pola CORAL POLIFÓNICA

Procesión acompañada pola A.C. ENTRE LUSCO E FUSCO e MATO VIZOSO que finalizará cunha actuación na praza da Rúa da Pravia ás 13:30 h.

14:30 h. Praza da Constitución
VERMÚ coa orquestra STEREO

20:00 h. Praza da Rúa da Pravia
Concerto da BANDA DE MÚSICA DE VILALBA

22:30 h. Praza da Rúa da Pravia
VERBENA con STEREO e TANGO

DOMINGO | 1 de SETEMBRO DÍA DA PATROA SANTA MARÍA

12:00 h. Igrexa de Santa María
MISA SOLEMNE na honra de Patroa cantada pola CORAL LUAR

Procesión acompañada pola A.C. ANDRADE e MESTURA DE NETE que finalizará cunha actuación na praza da Rúa da Pravia ás 13:30 h.

14:30 h. Praza da Constitución
VERMÚ coa orquestra PONTEVEDRA

19:00 h. Auditorio Municipal de Vilalba
DOCUMENTAL HOMENAXE A RAMÓN CHAO e presentación do libro "O CAMIÑO DE RAMÓN CHAO TRALAS PEGADAS DE PRISCILIANO" coa presenza de Aser Álvarez e Moncho Paz

22:30 h. Praza da Constitución
VERBENA coa orquestra PONTEVEDRA e o GRUPO BEATRIZ

LUNS | 2 de SETEMBRO

19:30 h. Praza da Rúa da Pravia
Actuación de ESSENZA QUARTET

MARTES | 3 de SETEMBRO DÍA INFANTIL

11:00 h. Templete da Praza da Constitución
BIBLIOTECA na rúa

11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h. Praza da Constitución. INCHABLES
18:00 h. Praza da Constitución
XXX SIMULTÁNEAS DE XADREZ

MÉRCORES | 4 de SETEMBRO DÍA INFANTIL

11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h. Praza da Constitución
XOGOS ACUÁTICOS que rematarán cunha FESTA DA ESCUMA

XOVES | 5 de SETEMBRO

20:00 h. Templete da Praza da Constitución
SESIÓN co DJ GRANDE OSSO

VENRES | 6 de SETEMBRO DÍA DE FOLIADA

20:00 h. PASARRÚAS pola vila a cargo de tódolos GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL DE VILALBA que rematará cunha foliada na Praza de Santa María a partir das 21:30 h. Con actuación de CANTIGAS E FRORES e o grupo invitado OS TRES PESOS

20:00 h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba
PRESENTACIÓN do foto-libro "LUMES" de Adra Pallón

SÁBADO | 7 de SETEMBRO

11:00 h. Campo da Capoeira xunto ó estadio da Madalena. III TORNEO RUGBY

12:30 h. PASARRÚAS a cargo do grupo tradicional BUXOS VERDES

14:00 h. Praza da Constitución
VERMÚ coa orquestra FUEGO

20:00 h. Auditorio mMunicipal
FESTIVAL DE BANDAS PEPE GUNTÍN
Concerto da Banda de Música de Padrón e a Banda de Vilalba

22:30 h. Praza da Constitución
VERBENA coas orquestras FUEGO e CLAXXON

DOMINGO | 8 de SETEMBRO DÍA DA FEIRA HOMENAXE Á PARROQUIA DE OLEIROS

RECEPCIÓN á parroquia de Oleiros a cargo da Comisión de Festas e autoridades e acompañamento ata a Igrexa de Sta María xunto co grupo tradicional CERNA DE ÁRBOL

13:30 h. Casa da Cultura
Ofrenda a MANUEL MARÍA

14:00 h. ata as 19:00 h.
VERMÚ longo a cargo da orquestra TRAVESÍA e do DUO ESTRELLAS



ALCALDÍA DE VILALBA

“As festas son unha data imprescindible para os que compartimos o sentimento de ser vilalbés”

Marta Rouco, alcaldesa de Vilalba, fai un balance dos seus primeiros dez meses como rexedora

Marta Rouco, alcaldesa de Vilalba desde fai dez meses destaca as Festas do San Ramón e Santa María como cita imprescindible para todos os veciños e veciñas.

En primeiro lugar, podería facer un balance do Goberno desde que asumiu a Alcaldía de Vilalba?

Levo 10 meses aínda na Alcaldía e facer un balance agora coído que pode ser precipitado. O que si podo asegurar é que o meu equipo e eu levamos traballando dende o primeiro momento a prol dos intereses e necesidades dos veciños, co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos que se lles prestan. Dende que asumín a Alcaldía, aprobamos os orzamentos, sacamos a licitación os dous principais contratos do noso concello, que son a recollida do lixo e o servizo de axuda no fogar, abrimos as novas piscinas exteriores da Madalena e púxose en funcionamento o novo tanque de tormentas. En materia de persoal, vimos de aprobar a oferta de emprego público con máis prazas dos últimos anos, temos convocados todos os procesos de estabilización que afectan a unha parte importante do persoal municipal; temos chegado a acordos importantes con outras administracións en beneficio dos veciños de Vilalba... En xeral, o que podo

“Nos meus 41 anos nunca me perdín as festas de San Ramón e Santa María e podería contar moitas historias”



afirmar é que se leva feito moito traballo, cada día, tanto no casco urbano como nas parroquias, e que moitas veces non se percibe, pero é fundamental.

As festas do San Ramón, que camiño seguiron para a súa planificación?

En Vilalba temos un goberno bipartito cunha clara división das áreas de Goberno entre os dous partidos que formamos parte do mesmo, correspondéndolle á área de Cultura, que xestiona Vilalba Aberta, a organización das festas de San Ramón e Santa María. Dende o ano 2019, que o PSOE acadou o goberno en Vilalba ata este ano, as festas foron organizadas sempre dende o Concello, porque así o comprometemos no programa electoral. Este ano a responsable desta área, de Vilalba Aberta, decidiu que fose unha comisión quen correse coa organización e nós respectamos a súa decisión, como non podería ser doutra maneira. Así, dende as áreas de

Goberno do Partido Socialista e eu como alcaldesa estamos colaborando en todo momento coa Comisión de Festas, á que aproveito para agradecer o seu traballo, e fíxemonos cargo do alumeado das festas, que será sufragado polo Concello, así como da organización da Xira dos maiores e dos dous días infantís, unha das principais novidades das festas deste ano.

Que significa o San Ramón e Santa María para Vilalba?

As festas de San Ramón e Santa María son as festas de todos os vilalbeses e vilalbesas, unha data destacada no calendario das persoas que compartimos un sentimento tan único como o de ser vilalbés ou vilalbesa. Son días de reencontro, con amigos e familiares que viven fóra o resto do ano e que retornan para celebrar as festas, nos que nos acompañan tamén moitos visitantes, que cada ano gozan tamén da nosa hospitalidade. As festas de San Ramón e Santa María son días

de ledicia, de reencontros, de disfrute. Iso sempre é o mellor das nosas festas: os momentos gozados con amigos e familia e que quedan no noso recordo. Ademais, as festas son un revulsivo económico para a nosa hostalería e comercio, xa que son moitas as persoas as que se van achegar á nosa vila durante estes días.

Como lembra as festas de nena de hai anos?

Como calquera veciño ou veciña de Vilalba, gardo grandes recordos das festas de San Ramón e Santa María sendo nena. Recordo a ilusión dos días previos ás festas, cando iamos mirar que atraccións se montaban, ou a ilusión de abrir o libro das festas de cada ano para ver o programa. Recordo a primeira vez que montei na nora, aínda diante do Centro Cultural, ou cando meus pais me conseguiron unha *chochona* na tómbola, ou un ano que me mercaron un globo de helio e escapou voando... Nos meus 41

TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

f Texas Moda Joven



Ctra. San Juan de Alba, 32 - 27813 - Vilalba (Lugo) | 982 512 172 | ocascudo93@gmail.com



anos nunca me perdín as festas de San Ramón e Santa María e podería contar moitas historias. **Como foron cambiando ata o día de hoxe?**

As festas mudaron moito dende que eu as recordo; dende a localización do feiral, que antes era ao pé da Casa do Concello, á duración das mesma, xa que antes comezaban o día 30 e remataban coa feira. Fóronse engadindo citas tan consolidadas como o Día da Bicicleta ou a festa infantil.

Como cre que van ser estas festas?

Cando nos chega o programa das festas, o libro aquí en Vilalba, sempre nos afanamos en mirar que orquestras van vir e xa facemos unha valoración positiva ou negativa das mesmas. Porén, se botamos a vista atrás, darémos conta de que o importante das festas son as persoas e os momentos vividos, e estou segura que nesta edición iso non vai

faltar.

Cre que os veciños están contentos con esta nova edición?

Dado que para min, das festas, quedan os bos momentos, as anécdotas, as vivencias e todo iso está por vivir, cando pasen as festas será o momento de facer valoración das mesmas.

Con respecto ao Goberno local, de que proxecto se senten máis orgullosos neste ano?

Durante este ano finalizamos dous proxectos importantes: o pozo de tormentas, unha inversión importantísima e que permitiu rematar coas verteduras ao río Madalena, e por outro lado a apertura das piscinas ao aire libre, que están tendo unha magnífica acollida tanto entre os veciños de Vilalba como entre os visitantes.

Que queda por facer neste ano?

Estamos a traballar en todo o que ten que ver co ciclo da auga, pois é un problema que arrastramos

historicamente e precisamos mellorar tanto a captación como o tratamento. No anterior mandato firmouse un convenio coa Confederación Hidrográfica por un importe de máis de tres millóns de euros, polo que se puxo en marcha o tanque de tormentas, para rematar cos verquidos ao río Madalena; e o noso obxectivo é impulsar agora unha mellora na captación. Necesitamos, ademais, acometer a instalación de decantadores na estación potabilizadora para solucionar o problema recorrente de que cando chove moito, a auga enloda ou aborda o saneamento de Plácido Peña. Todo o que ten que ver co ciclo da auga precisa a colaboración doutras administracións: xa mantivemos dúas reunións con augas de Galicia, solicitamos o PERTE da auga, ademais de solicitar unha ampliación do convenio coa Confederación Hidrográfica. Hai moitos proxectos nos que

estamos traballando, sendo fundamental para nós a mellora dos servizos públicos, como o lixo, que estamos en pleno proceso de licitación e que vai supoñer unha mellora substancial deste servizo. Tamén, con respecto a proxectos de obra, vimos de recibir a resposta favorable á prórroga do prazo para acometer a reforma da casa do Concello por máis de 1 millón de euros de fondos europeos, estamos a punto de comezar as obras do punto de atención á infancia, estamos mellorando varias infraestruturas deportivas, temos tamén pendente a mellora do parque infantil da Rúa da Emigración, entre outros.

Que necesidades ten o Concello por resolver durante a lexislatura?

É fundamental mellorar os servizos públicos, e niso estamos traballando, sobre todo na recollida do lixo e o ciclo da auga, que son dous temas pendentes no noso Concello. Os concellos temos unha importante limitación, que é o financiamento. No noso concello, por exemplo, temos un servizo de axuda no fogar con máis horas que Santiago, e iso representa 3,4 millóns, que é un terzo do orzamento de 11.500.000 euros, o que fai que a nosa capacidade económica estea moi limitada, dependendo para moitas cuestións das achegas doutras administracións. Neste sentido, xa temos pedidas reunións con distintos departamentos da Xunta porque é a Administración que ten a maior capacidade de investimento, pero non está a ser moi xenerosa con concellos onde non goberna a súa cor política, singularmente con Vilalba. Levamos catro anos con investimento cero. Non me vou cansar de chamar á porta, coa esperanza de que alguén abra do outro lado.

“Estamos a traballar en todo o que ten que ver co ciclo da auga, pois é un problema que arrastramos historicamente e precisamos mellorar”



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

BICICLETA

Vilalba volverá pasear sobre dúas ou catro rodas

O tradicional Día da Bicicleta será o venres 29 de agosto cun percorrido polas rúas da localidade

EN DETALLE

- **DÍA:** Venres 29 de agosto.
- **HORA:** 19.30 horas
- **LUGAR:** Praza da Constitución.
- **PERCORRIDO:** Praza da Constitución, pola rúa da Pravia, Campo de Puente, rúa de Muras, rúa de Cospeito, avenida Terra Chá, Xosé María Chao Ledo, rúa de Galicia, praza Suso Gayoso e praza da Constitución.
- **INSCRICIÓN.** No Espazo Xove, sito na rúa Novo Cazón s/n Vilalba. Máis información no Teléfono 982 82 83 40, de 18.00 horas a 21.00 horas, dende o día 21 ata o 29 de agosto inclusive.
- **AGASALLOS A SORTEAR:** Unha bicicleta, un TV de 32 polgadas, un bono regalo en prendas deportivas, un par de patíns, dúas mochilas, un casco de ciclista, dous queixos de San Simón da Costa e 2 roscóns típicos de Vilalba.

As Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba acollen, un ano máis, o Día da Bicicleta, que chega á súa 28 edición.

Trátase dun arraigado evento que fomenta o deporte na rúa e a vida saudable, ademais de propiciar que a xente nova, os pequenos e os maiores compartan valores, actitudes, respecto e espírito de equipo.

Nesta cita, que está organizada polo Club Ciclista Terra Chá así como o Espazo Xove do Centro da Xuventude de Vilalba, os participantes farán un percorrido polas rúas de Vilalba con saída e chegada na praza da Constitución.

Será a partir das 19.30 horas e, como nas edicións anteriores, estará aberto a todos os aparellos de rodas que requiran do empuxe humano, como patíns, monopatíns, coches de nenos, etc.

Adoita ser un percorrido chan para facilitar a participación a todas as persoas e todas as resistencia físicas ademais de estar aberto como sempre a todas as idades e variables que non impliquen motor.

A saída situarase na praza da



Constitución dende onde se concentrarán os e as participantes ata o momento da saída, que se realizará por rúa Basanta Silva para continuar por rúa da Pravia, á altura de Campo de Puente, seguirá por rúa de Muras, rúa de Cospeito, avenida Terra Chá, Xosé María Chao Ledo, rúa de Galicia, e praza Suso Gayoso para regresar de novo á praza da Constitución. Pode inscribirse todo aquel que o desexe sen límite de idade no Espazo Xove (rúa Novo Cazón) ou a través do teléfono 982 828 340 de 18.00 horas a 21.00 horas ata o 29 de agosto inclusive, porque para poder optar aos agasallos que se sortean hai que estar inscrito, algo que non ten ningún tipo de custe.

No momento de facer a inscrición, que pode ser ata dúas horas antes do inicio, a organización entregalle a todos e cada un dos participantes un dorsal co número e un boleto, que deberá entregalo á hora de saída e que lles dá dereito a poder entrar no sorteo de agasallos, que se darán á chegada entre os participantes inscritos.

Este concurso sempre causa atracción e cada ano aparece un concursante máis novo, chegando nunha ocasión a participar un pequeno con quince días que fixo o percorrido no seu carriño. Así mesmo, trátase dun evento solidario, xa que os participantes doan alimentos que son entregados ao banco de alimentos para a súa xestión.

AGASALLOS. Os agasallos que se sortearán este ano son unha bicicleta, unha televisión, un bono regalo para gastar en prendas deportivas, un par de patíns, dúas mochilas, un casco de ciclista, dous queixos de San Simón da Costa e dous roscóns típicos de Vilalba. Coma noutras edicións haberá trofeos especiais para o participante de maior idade e ao de menor portado. Nesta actividade colaboran o Espazo Xove de Vilalba, Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude de Lugo, colaboran o Concello de Vilalba, Policía Municipal, Protección Civil, Garda Civil, Club Ciclista Terra Chá e Club Triatlón Vilalba.



GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamín Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

PATROCINA:
 Grupo
 ENTREPINARES

DÍA INFANTIL

De 11:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 na Praza da Constitución
INCHABLES INFANTÍS & XUVENIS
SHOOTER GALLERY
TORO MECÁNICO
SIMULADOR SURF
NERF BATTLE & ARENA

MARTES
3
 SETEMBRO

Concello de Vilalba
 Alcalde e Concelleira de Inxenia e Turismo

PATROCINA:
 Grupo
 ENTREPINARES

Concello de Vilalba
 Alcalde e Concelleira de Inxenia e Turismo

DÍA INFANTIL

De 11:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 na Praza da Constitución

4
 SETEMBRO

Rampa deslizadora
 Inchables acuáticos
 Festa da espuma

Vilalbeses e vilalbesas, felices festas!

- Marta Rouco, alcaldesa de Vilalba, en nome da corporación municipal

DÍA DA PARROQUIA

Oleiros, a homenaxeada en 2024

O último día das festas farase unha recepción dedicada a esta parroquia do sur do concello

A localidade de Oleiros, ou San Mamede de Oleiros, é unha parroquia do municipio de Vilalba, que dista 8 quilómetros da capital de Terra Chá e limita coas parroquias de Noche, Nete, Sancovade, Rioaveso e o Concello de Cospeito.

Este ano será a parroquia homenaxeada nas Festas do San Ramón e Santa María de Vilalba. Este acto terá lugar o día 8 de setembro e realizarase unha recepción ata a igrexa de Santa María xunto co grupo tradicional Cerna de Árbol como acompañamento.

A maiores, haberá unha ofrenda a Manuel María ás 13.30 horas na Casa da Cultura e unha sesión vermú longa coa orquestra Travesía e o dúo Estrellas como acompañamento e fin de festa.

A ORIXE

O nome de Oleiros honra aos fabricantes de ollas da antiga fábrica de cerámica popular que se situaba na zona. Na Idade Media aparece mencionada en diversos documentos de 1213, nos que se fai referencia á vila de San Mammes de Ollariis e

ao Couto de Oleiros en 1407. O petróglifo coñecido co nome Laxe das cabras é unha mostra da arte rupestre xunto co lugar do Castro, que constitúen as pegadas máis antigas.

A HISTORIA

A parroquia conta cun templo parroquial que rende culto a San Mamede e unha igrexa datada do século XVII, que ten un retablo barroco e varios neoclásicos no seu interior. Esta igrexa foi remodelada no ano 1898 sobre o templo primitivo e destaca nela o adro e o cemiterio. A pedra que se utilizou para este traballo procedía de onde hoxe se atopa a escola de Oleiros, onde existía unha pedreira xa que non había canteira de granito. O resto de materiais utilizados para facer os cruzeiros e tamén os nichos do cemiterio procedían das parroquias próximas, xa que por aquel tempo o costume era facer traballos comunais ofrecendo os veciños para iso as vacas de os carros. No cemiterio da parroquia había polo século XX unha pequena capela na que estaban os nomes dos dez veciños de Somede que faleceron na Guerra Civil, entre os anos 1936 e 1939. Destaca a historia tamén a cárcere do Couto, que estaba no barrio do Carballo, que tamén quedou reflectido no catastro da Ensenada. Era o mesmo barrio onde estaba tamén a taberna.



Unha das maiores incógnitas desta localidade é a cruz de ferro situada en Oleiros e catro parroquias máis de Vilalba, que é un dos últimos vestixios dos tráxicos acontecementos que tiveron lugar en Sancobade e Oleiros, na guerra Carlista, fai xa 171 anos.

Dos tráxicos episodios que lembra a Cruz de Santos, punto de referencia para dividir as parroquias de Sancobade, Oleiros, Goiriz e San Xurxo de Rioaveso, no Camiño Real que tradicionalmente comunicaba estas localidades coa capital chairega,

transcendeu que naquel lugar foron executadas bastantes persoas. Con todo é aquí onde se atopa o quid da cuestión, xa que as lendas populares non aclaran quen eran as vítimas nin a que bando pertencían.

Algunhas sinalaban que se trataba de combatentes carlistas, partidarios do herdeiro ao trono de Carlos María Isidro de Borbón que foron executados por parte do Exército nunha emboscada, mentres que outros apuntan a que se trataría de veciños de Sancobade e Oleiros que presunta-

O petróglifo Laxe das Cabras é unha mostra da arte rupestre, xunto co lugar de Castro, que constitúen as pegadas máis antigas

REMATEXPRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
TEMU
AliExpress
SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en
Loterías Alcázar
Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

mente axudaron aos carlistas, que ademais gozaban de gran simpatía no medio rural, a pesar de que esta expedición, cuxo obxectivo era estender o conflito civil por toda España, acabaría sendo un fracaso. Tampouco se precisa a cifra exacta de mortos, nin onde foron enterrados.

ECONOMÍA

Hoxe en día, Oleiros, a nivel económico, conta cunha queixería de San Simón e unha empresa distribuidora do Capón de Vilalba, que é pioneira na distribución e venda deste produto local, tanto no Nadal como no resto do ano.

O San Simón é un queixo de denominación de orixe, curado e elaborado con leite de vaca que forma unha parte fundamental da economía da vila, ao igual que a empresa de capóns, que obtivo varios premios e galardóns.

A historia lembra que en Oleiros, historicamente a produción fundamentouse no centeo, o trigo e o liño, segundo relatan os vellos do lugar. Ademais, contaban entre os anos 1931 e 1933 cun sindicato de labregos de Oleiros, que desapareceu co

alzamento militar que rematou na Guerra Civil.

Os veciños do lugar lembra que o momento máis destacado para esta parroquia vilalbesa foi a chegada da luz e da primeira estrada. Esta fíxose pola Panchita no ano 1963 de pedra, e despois foi polo Ventorro, xa no ano 1980, con saída polos lugares de Seixas e Pino, en Cospeito.

Tamén contaba Oleiros co seu propio modelo informativo, La Voz de Oleiros, que se publicou entre os anos 1923 e 1924 de forma mensual.

Este xornal estaba dirixido polo mestre nativo Pedro Aquilino Paz Lamas, máis coñecido como Mestre de Xan Paz.

FESTAS

Ademais de participar nas patronais de Vilalba deste ano, Oleiros celebra as súas propias festas, como é a festa da Virxe do Carme a mediados de xullo. Consiste nunha festividade relixiosa en honra á Virxe, onde os asistentes destas xornadas poden participar na celebración dos actos relixiosos e gozar con grandes actuacións musicais con orquestras do momento. A orixe da celebración está no ano 1593, organizada pola confraría



da Virxe do Carme. Dous ramistas encargábanse de organizada coa recadación en cereal dos asociados, que se puxaba o día anterior á festa. Os cartos estaban destinados á celebración, para uns cirios anuais e unhas misas cantadas, que se celebraban cada venres. Tamén tiña que chegar para levar candeas aos socios cando estes falecían. Tamén está o San Mamede, celebrado normalmente en setembro, que tamén conta con

oficios relixiosos, e actuacións musicais coas orquestras do momento. Aínda que o patrón é o 4 de agosto, a festa cambiouse de data xa que os maiores e a xente que acudía ás mallas en Castela, aínda non estaba de volta para primeiros de agosto. Completan as opcións festivas a Nosa Señora do Socorro, no mes de maio. Esta celebración é compartida polas tres parroquias veciñas de Sistallo, Rioaveso e Oleiros.



XIRA

A festa en estado puro para todas as idades

A tradicional Xira dará comezo o venres 23 de agosto e durará ata o 25. O 28 será a quenda dos maiores

As festas de Vilalba contarán coa súa tradicional apertura de luxo, a Xira, que estará dedicada a toda a veciñanza na fin de semana do 23 ao 25 de agosto e que terá o seu momento especial para os maiores o día 28. Este ano volverá ter tres días de duración durante toda a fin de semana na Madalena nun ambiente de festa rachada en grupos de amigos e familiares nas tradicionais merendas.

Sen dúbida trátase da antesala das festas patronais e unha das citas máis esperadas pola mocidade vilalbesa, xa que este é un dos colectivos que máis participa da celebración e á que se dedica a maior parte da programación.

Arrancará o venres pola noite, ás 22.30 horas cunha sesión de Dj's entre os que se atopan David García, Cris Vázquez, Diego Amido (Oxígeno), Bris Trad, DecruX e Juan Chousa. Esta cita é xa un clásico, malia ser só a terceira edición aumentando ano a ano a súa participación. Continuará a gran festa o sábado xa coa música de orquestra, que este ano estará ao cargo dos grupos Tokio e Greese, as dúas en sesión vermú e verbeña.

O domingo continuará a festa co grupo M3 Show en sesión vermú para deixar unha tarde de diversión para as familias, que todos os anos fan o seu xantar nun espazo reservado.

O domingo actuará o grupo M3 Show para deixar unha tarde de diversión para as familias



Esta cita reúne cada ano a miles de persoas na zona do río para comer, bailar e desfrutar durante os tres días.

Por outra banda, o concello convidará a unha comida ás persoas maiores de 65 anos empadroadas en Vilalba, que se celebrará na explanada da piscina da Área Recreativa da Madalena para a tradicional Xira dos maiores, que será o 28 de agosto.

A xornada comezará ás 12:30 horas cunha misa que contará coa participación da coral Luar, á que seguirá unha sesión vermú, xantar popular, baile e música co dúo Venus.

O menú nesta ocasión está composto por xamón asado, polbo e churrasco, sobremesa e café, cun prezo de 20 euros por persoa. "Unha xornada de fraternidade, reencontros e moita diversión, un día moi especial coas persoas maiores de Vilalba", asegura a alcaldesa, Marta Rouco. É imprescindible anotarse, coa data límite do 23



de agosto, presencialmente no Concello de Vilalba ou chamando ao número 982 510 305. Esta celebración leva máis de dúas décadas congregando aos maiores de Galicia e o norte da península nesta festa.

RESPONSABILIDADE

Para que todo transcorra con

normalidade e sexa un éxito, o concello fai un chamamento a todos os veciños e veciñas para compaxinar a celebración co respecto á contorna natural e ao medio ambiente, prestando especial atención e consideración naquelas zonas ou terreos de propiedade privada.

Este sería o caso da maior parte dos terreos situados no monte da xira, onde se desenvolverá con normalidade tal e como se viña facendo anteriormente, pero incidindo na necesidade de evitar prácticas que podan ocasionar danos á natureza, así como pedindo a limpeza posterior e adecuada xestión dos residuos, tanto nas zonas públicas como privadas, tendo en conta que estas últimas son cedidas polas persoas propietarias dos terreos para esta celebración. Ademais, lembran a importancia de deixar os accesos libres e poñer as merendas dun xeito ordenado que permita a convivencia de todos os grupos.





clínica dental
Pilar Vázquez

982 88 77 68





Clinica dental
Pilar Vázquez
Nº Rexistro: C-27-000799

Avda. Terra Chá 190, baixo
27800 Vilalba
Lugo

DEPORTES

As citas deportivas para as festas

Fútbol, xadrez, rugby, tenis e takwondo son as ofertas da programación festiva de San Ramón e Santa María

Desde o Club Moo Duk Kwan crean un novo punto de encontro aberto ao colectivo do deporte desde a perspectiva das artes marciais

O programa das Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba 2022, que se celebrarán desde o 21 agosto ata o 8 de setembro conta con numerosas actividades de ocio e lecer para todas as idades así como deportivas, un dos puntos principais da programación que todo os anos reúne centos de participantes.

FÚTBOL. O Vilalbés aproveita o parón ligueiro e a pretempada para disputar a nova edición do **Trofeo President**, un torneo tradicionalmente estival, que coincide coas festas patronais de San Ramón e Santa María. Este torneo será o sábado 24 de agosto e enfrontará ao Rácing Club Villalbés e o Bergatiños. O partido está previsto para as 12.00 horas no estadio da Madalena.

XADREZ. O martes 3 de setembro ás 18.00 horas e na praza da Constitución xogaranse as XXX Simultáneas de Xadrez. Se o tempo non o permite celebraranse no Espazo Xove. As partidas estarán abertas a participa-



ción do público en xeral, sen límite de idade. Todos os participantes recibirán un agasallo. Este encontro está organizado polo Espazo Xove de Vilalba, a Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello de Vilalba.

RUGBY. O sábado 7 de setembro será o Torneo Rugby Infantil Santa María e San Ramón a nivel escolar para pequenos de menos de 12 anos. Trátase da terceira edición desta especialidade deportiva que está a ter un importante crecemento en Vilalba da man dos Capóns de Vilalba, organizadores da cita, a que tamén están invitados os equipos da contorna, cos cales compiten durante toda a tempada. Terá lugar no anexo da Madalena a partir das 11.00 horas.


TENIS. O tradicional Torneo San Ramón de tenis, organizado polo CT Vilalbés, disputa ata o 29 deste mes

a súa trixésima primeira edición, desde que comezou o mércores 21. Conta cun total de 55 participantes. Compiten nas pistas da Madalena nas categorías absoluto, +35, benxamín, alevín e infantil masculino e feminino, ademais de dobres absoluto masculino.

TAEKWONDO. Desde o Club Moo Duk Kwan de Vilalba, despois de perder a súa actividade Galibudo, crean un novo punto de encontro aberto ao colectivo do deporte en xeral desde a perspectiva das artes marciais. Será unha conferencia onde se falará sobre o obxectivo principal na transmisión das artes marciais (aplicado a calquera disciplina deportiva), a práctica do deporte en valores, como se debe orientar o desenvolvemento do practicante, os beneficios da competición, o traballo en equipo, o saber gañar e saber perder, o contexto familiar, etc.

A cita será no Centro Cultural Recreativo de Vilalba o vindeiro 31 de agosto ás 19.00 horas e será un acto aberto a todo o mundo, pero especialmente enfocado a deportistas e pais, e pode ser de interese para os profesionais.

Os relatores deste acto serán Benjamín Reyes Martín, licenciado en Medicina, mestre de Karate (Seidokai); Francisco Garrido, mestre de Tae Kwon-Do, cinto negro 8 Dan, excompeticionador e adestrador selección catalá de TKD; Francisco Ruiz Rey, ex presidente Rácing Club Vilalba 2013-2021, adestrador fútbol nivel 2, e árbitro RFEF; Alberto Cuevas Calderón, alumno do mestre okinawense Choyu Hentona desde 1974, Cinto negro 7º Dan de Karate, 5º Dan de Ju Jutsu, 5º Dan de Goshin Jutsu e campión nacional de boxeo en 1981; e o coordinador, Antonio Montes Hermida. O prazo de inscrición xa está pechado.



MÚSICA

O impulso á música tradicional e local

Os pasarrúas e os concertos para todos os gustos son o prato estrela das festas

HORARIOS

- **CORAL LUAR** (mércores 28 ás 12.30 na explanada da Madalena e domingo 1 de setembro ás 12.00 na Igrexa de Santa María)
- **CORAL POLIFÓNICA** (sábado 31 ás 12.00 na Igrexa de Santa María)
- **DÚBIDA** (xoves 22 ás 22.00 no templo da Praza da Constitución)
- **SHERA & SILE** (xoves 22 ás 22.00 no templo da Praza da Constitución)
- **BANDA DE MÚSICA DE VILALBA** (sábado 31 ás 20.00 na praza da Rúa de Pravia)
- **TANTO NOS TEN** da man de Emprazadas (venres 30 ás 21.30 na praza de Santa María)
- **ESSENZA QUARTET** (luns 2 de setembro ás 19.30 na praza da Rúa de Pravia)
- **CANTIGAS E FRORES** (venres 6 ás 21.30 na Praza de Santa María)
- **TRES PESOS** (venres 6 ás 21.30 na Praza de Santa María)
- **GRUPOS TRADICIONAIS.** Pasarrúas con todos os participantes (venres 6, ás 20.00 horas)

As festas de San Ramón e Santa María contan cun programa cheo de música e baile do máis variado, para que os veciños da localidade de todas as idades disfruten do que máis lles gusta.

Entre as propostas musicais deste ano atópase o concerto de **Dúbida**, un grupo que ofrece música cargada con moi boas vibras, mesturando ritmos para ofrecer un son propio, ou os irmáns **Shera & Sile** co seu rap. Non podía faltar a tradicional **Banda de Música de Vilalba**, que leva animando as rúas da localidade desde 1991, cando se fundou co obxectivo de difundir e promocionar a música de bandas. A día de hoxe, seguen promovendo concertos en diferentes espazos e eventos, como son as Festas do San Ramón ou, tamén, en toda a xeografía galega, Asturias, Castela e León e Portugal. Continuando coas actuacións musicais deste ano está, da man do proxecto Emprazadas, **Tanto Nos Ten**, un grupo folk revelación da música tradicional galego e caracterizado por combinar no seu repertorio música e letras da súa propia autoría con cancións populares, de escarnio, de humor, comprometidas co país. Un grupo dinámico e divertido cuxas cancións están dotadas dun forte ton xocoso e irónico para describir situacións da vida cotiá. Essenza Quartet será outro dos protagonistas encargados de amenizar

as patronais e o fará ao principio de semana, o luns dous de setembro. Tamén contase con Cántigas e Frores que, aínda que son novos, detrás deles está todo o peso dunha das asociacións de música tradicional máis antigas de Galicia; e Tres Pesos: A música é matemática e a matemática deste trío devolve nesta ecuación un resultado entrañable. Ademais, os oficios relixiosos estarán acompañados da Coral Polifónica e da Coral Luar, que xa estivo o ano pasado na Xira dos Maiores.

ENTRE LUSCO E FUSCO. (Sábado 31 despois da misa das 12.00). Entre Lusco e Fusco é un grupo de baile, canto e música tradicional que remonta a súa orixe ao ano 1990. Ao longo destes 32 anos de percorrido, os membros da asociación tiveron a posibilidade de acudir á televisión de Galicia, de facer intercambios culturais tanto na nosa comunidade autónoma como fora dela, actuar en distintos eventos, actos e festividades da comarca da Terra Chá, ademais de participar na vida cultural da vila e dos seus arredores. Na actualidade conta con arredor de 100 socios de diversas franxas de idade, repartidos nas diferentes disciplinas que se imparten. Persoas con caracteres, personalidades e ideoloxías distintas, pero cun obxectivo común: tocar, bailar e cantar. Ou noutras palabras, promover e ensinar a cultura tradicional galega de xeito ameno e disfrutando da mesma.

MATO VIZOSO. (Sábado 31 de agosto despois da misa das 12.00 horas). A Banda de Gaitas Mato Vizoso naceu no ano 1988 no seo da Anpa do colexio homónimo da man dun grupo de gaiteiros constituído por 6 nenos de entre 8 e 9 anos e o seu profesor Carlos A. Celeiro Arias Morón. O grupo foi medrando pouco a pouco e a partir de 1992 iniciábase o camiño da Banda de Gaitas con actuacións públicas fóra do ámbito escolar, primeiro nas patronais e as parroquias e despois en pobos de toda a provincia. Xa en 1993 inscribíbase como asociación e dende ese momento participaron en innume-



rables encontros, concertos e festivais por toda a Península Ibérica.

AC ANDRADE. (Domingo 1, despois da misa das 12.00). A Asociación Cultural de Andrade nace dun grupo de pandeireteiras, formado tanto por nenas como por adultos, que comezaron os seus primeiros cantos e repeniques polo curso 1999/2000. Dende ese primeiro curso participaron en diferentes programas. Ao longo do tempo fóronse engadindo as clases de baile tradicional, gaita e linguaxe musical e máis recentemente, percusión brasileira e cantos de taberna. Na actualidade contan con máis dun centenar de alumnos de diferentes idades en todas as actividades. Tamén protagonizaron a experiencia de integrar os ritmos galegos dentro da danza para tentar amosar a multiculturalidade.

MESTURA DE NETE. (Domingo 1, despois da misa das 12.00 horas). A Asociación Cultural Mestura de Nete deuse de alta formalmente este ano para poder inscribirse e participar en programas como o Musiqueando da Deputación ou en diferentes actuacións como cantos de taberna, procesión, festivais, etc. Dende o 2015 a Asociación de veciños de Nete, que cumpre este ano 25 anos de existencia, organizou clases de música tradicional (pandeireta, baile tradicional, acordeón, gaita, percusión, canto tradicional), e cada ano foi aumentando o número de alumnos ata chegar a preto de 80 persoas nas diferentes disciplinas. Co paso do tempo foise consolidando o grupo de cantos. Todos as semanas ensaian e participan en

varios cantos de taberna así como nos Seráns culturais.

BUXOS VERDES. (Sábado 7 setembro ás 12.30 horas) Buxos Verdes é un grupo de música tradicional que naceu no ano 2001 en Vilalba e que conta na actualidade con 25 integrantes de todas as idades. O que os move a tocar é a súa paixón pola música tradicional galega, disfrutando dela en foliadas, cantos de taberna e festas varias. A música que escoitaremos con eles serán as coñecidas muiñeiras, xotas, rumbas e pasodobres, entre outras.

CERNA DE ÁRBOL. (Domingo 8 na recepción da parroquia de Oleiros). Agrupación musical Cerna de Árbol xurdiu a raíz da Asociación Cultural e Deportiva da mesma parroquia vilalbesa. Este grupo de música tradicional fundouse despois dun curso de música no que participou algún membro da asociación e como da música disfrutaban todos os veciños, despois dun magosto de 2014 decidíronse a crear esta formación. Contan con arredor de 25 compoñentes dos que 12 son nenos de entre 8 e 14 anos e aos que lles encantan a percusión. Malia que coa covid déronse de baixa varios membros, os embarazos dalgúns dos integrantes trouxeron consigo novos compoñentes. Cerna de Árbol participa en diferentes feiras do Concello de Vilalba como a de Artesanía e a do Capón, e por suposto nas súas festas parroquiais e as de algún que outro e pasalo ben. Para actuar contan cos seus propios traxes tradicionais e con polos máis cómodos para xuntanzas máis informais como os Cantos de Taberna.



O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN

A presenza imprescindible das orquestras

As fins de semana e o mércores da Xira dos maiores haberá sesións vermú e verbenas

TOKIO. Sábado 24 de agosto ás 14.00 e ás 22.30 horas.
No ano 1999, unha familia dedicada á música de forma separada decidiu xuntarse creando esta orquestra, sendo concibida como unha orquestra de baile, que a día de hoxe incorpora desde un merengue ata o reguetón tan típico dos tempos que vivimos, xuntos crean noites de festa, baile, espectáculo inesquecibles, inimitables e diferentes.

GREESE. Sábado 24 de agosto ás 14.00 e ás 22.30 horas.
Orquestra musical que fixo un oco na súa axenda para animar as festas de Vilalba coa súa música e bailes do máis entretidos.

GRUPO M3. Domingo 25 de agosto ás 14.00 horas.
Este grupo musical, composto por 10 integrante (catro voces, dúas



bailarinas e catro de ritmo) conta cun amplo repertorio adaptable a todo tipo de eventos e que nunca falla non seu obxectivo de facer disfrutar á xente con cancións do máis pegadizas.

DÚO VENUS. Mércores 28 na sesión vermú.

É un dúo musical formado por Suso e Marisol, expertos na amenización de todo tipo de eventos en Galicia desde fai moitos anos. Destacan por intentar adaptar o seu repertorio ao público, para que non sexa sempre igual e poder contentar a todos.

STÉREO. Sábado 31 ás 14.30 e ás 22.30 horas.

A orquestra Stéreo nace cun obxectivo claro, o de facer gozar ao esixente público da verbena. Con máis de 10 anos de traxectoria percorreron gran parte da xeografía nacional e un pouco da internacional. É unha orquestra dinámica que se desenvolve ben en calquera parte xa que conta cun amplo repertorio adaptado a cada zona, facendo sempre partícipes aos asistentes en cada actuación.

TANGO. Sábado 31 ás 22.30 horas.
Na xira polo seu 35 aniversario, o

Grupo Tango ofrece un espectáculo cheo de sorpresa e, do máis importante, de música de todos vos estilos que fará disfrutar e bailar aos veciños da localidade. Conta con tres camións, 30 metros de escenario, 14 compoñentes en escena, 7 técnicos de montaxe, 2 técnicos de luces e 1 técnico de son, robots e pantallas LED renovadas de última xeración.

PONTEVEDRA. Domingo 1 de setembro ás 14.30 e ás 22.30.
Expertos en sesións vermús e verbenas co seu variado repertorio, a orquestra Pontevedra fai unha parada en Vilalba na súa xira de 2024 para convidar aos vilalbeses con ritmos do máis animados.

GRUPO BEATRIZ. Domingo 1 de setembro ás 22.30 horas.
Tras 17 anos como Beatriz e o seu acordeón, en 2015 nace Grupo Beatriz, composto por 8 compoñentes (dúas voces masculinas, dúas voces femininas, dúas bailarinas, un bailarín, un teclista, unha acordeonista, un técnico de iluminación, son e vídeo e dous técnicos de montaxe). Contan con 13 traballos discográficos, cancións propias e tamén versións, ademais dun tráiler escenario

e montaxe.

FUEGO. Sábado 7 de setembro ás 14.00 e ás 22.30 horas.
Nova orquestra de Coruña, formada por 4 cantantes e 5 músicos, con moita frescura e dinamismo. Os espectadores destacan a súa proximidade co público e o bo ambiente que se respira.

CLAXXON. Sábado 7 de setembro ás 22.30 horas.

Grupo musical galego que nace en 2012 coa boa música como principal obxectivo. Un percorrido polos mellores temas do rock e pop, desde os anos 70 ata a actualidade, con personalidade propia, acompañados dunha gran montaxe espectacular de iluminación e son.

LA TRAVESÍA. Domingo 8 de setembro desde as 14.00 ata as 19.00 horas.

La Travesía é unha orquestra de Vigo fundada no 2022 é formada por catro cantantes, catro músicos de ritmo e dous metais; que non pasarán inadvertidos nas patronais deste ano.

DÚO ESTRELLAS. Domingo 8 de setembro desde as 14.00 ata as 19.00 horas.

Son un dúo de Vilalba formado por Ana e David Fanego, ámbolos dous autónomos e cantantes profesionais coñecidos pola súa participación no concurso *Recantos* da Televisión de Galicia.

Comezaron a súa andaina como dúo no ano 2012, levando desde entón un bo ritmo de traballo e alcanzando sempre o éxito nas súas actuacións, pois "nos esmeramos en crear un clima agradable, festivo e alegre".



MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com




JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Pedrido, Vilalba
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 162m² | 125.000€
En el lugar de Pedrido, parroquia de Oleiros, municipio de Vilalba (Lugo) se vende vivienda unifamiliar independiente y aislada, de planta baja y piso. La planta de abajo esta preparada para vivir y la de arriba solo esta dividida en cuatro dependencias; pero están sin terminar. La casa dispone de pozo y está dentro de una finca que tiene una superficie algo superior a una hectarea de terreno.

Cidade de Viveiro 1, Vilalba
Local | 140m² | 85.000€
En Vilalba (Lugo), se vende entreplanta de 133 metros cuadrados útiles, dividido en varias estancias y con dos aseos instalados. Está acondicionado como academia. Dispone de calefacción de gas ciudad y es muy luminoso ya que tiene muchas ventanas a la calle, al ser un local en esquina. Esta situado al comienzo de la calle Ciudad de Viveiro, cerca del Mercadona.

Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba
Local | 278m² | 89.000€
Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros.

Campelos, Vilalba
Finca rústica | 563m² | 350.000€
En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.

Camino Praia Fluvial, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.900m² | 36.000€
Solar para edificar vivienda unifamiliar.

Calle Plácido Peña 3, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 107m² | 107.000€
En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor. En próximas fechas, el edificio dispondrá de sistema de videovigilancia para las zonas comunes.

Campo de Puente, Vilalba
Edificio de uso mixto | 563m² | 120.000€
En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 112m² | 113.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con orientación oeste, de tres habitaciones, sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero.

Novo Cazón, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m² | 52.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, muy próximo a la plaza que está delante del Ayuntamiento. Tiene 4 habitaciones y sala, cocina sin amueblar y 2 baños. La vivienda dispone de ascensor con cota cero.

Chao Ledo 1, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² | 73.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Unha cita obrigada coa música dos djs locais para abrir a Xira

Este ano estarán David García, Diego Amido, Cris Vázquez, Gris Tradd, Decrux e Juan Chousa

Como non podía ser doutra maneira, Vilalba acollerá a terceira sesión de Djs locais na explanada da Madalena, a partir das 21.00 horas do día 23. Este ano contarase novamente coa presenza de David García, Dj versátil que, con moitas horas de traballo por riba, trata de que as súas sesións sexan únicas e especiais, encántalle que o público goce da ampla variedade musical, tanto con temas coñecidos como os non tan populares. Tamén con Diego Amido, un novo artista xurdido desde o español *techno* escena e que, a través do nome Oxygeno, dalle a volta ao mundo a través de temas hipnóticos e duros; ademais de

Cris Vázquez, Gris Tradd ou Decrux (que xa con 16 anos empezaba a explorar o mundo da produción e mesturas de *techno* e *tech house*). Como nova incorporación este ano, estará Juan Chousa, caracterizado pola súa versatilidade e o seu bo dominio á hora de mesturar, executando sets desde *chill a house*, destacando o seu estilo impecable de efectuar as súas sesións e coidar ao máis mínimo detalle cada unha das súas mesturas. Nos últimos anos púdoselle ver en varias presentacións de Creamfields así como en distintos clubs e discotecas de Dublín, Mallorca, Marrakech, Madrid, Bilbao,

Portugal, Alicante, Valencia e Ibiza. A maiores, Dj Grande Osso estarán o xoves 5 de setembro, a partir das 20.00 horas, na Praza da Constitución. Trátase dun dúo formado por dous amigos da Mariña (Iago Peláez e Dani Rego) encargados de animar as súas sesións cargadas de bo ambiente. Nas súas sesións pódense escoitar estilos como rock, disco, funk, house, pero sobre todo *indie* con variedade de remixs.

PEPE GUNTÍN. Dando tamén oportunidades aos artistas locais terá lugar o Festival de Bandas Pepe Guntín, un clásico nas festas. Ofrecerán en primeiro lugar un pasarrúas desde a praza da Constitución ata o auditorio Municipal, onde terá lugar o concerto. Este ano participan a banda local e a Banda de Música de Padrón. Esta cita está organizada todos os anos pola Asociación Cultural que xestiona a Banda de Música de Vilalba.





- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

IESCHA

Colaborador imprescindible no apartado cultural

Fará dúas exposicións, un concerto, a presentación dun libro, un documental e a ofrenda a Manuel María

O Instituto de Estudos Chairegos Iescha forma parte un ano máis da celebración das patronais. Nesta ocasión será unha parte importante das mesmas xa que será encargada de dar inicio e pechar o programa festivo.

Así o primeiro acto festivo será a inauguración da exposición de pintura *Pinceladas e Trazos*, de María Jesús Santalla Ferreiro, coñecida como Masu.

A mostra abrirá o mércores 21, ás 19.00 horas na casa da cultura de Vilalba, mostra que todos os veciños e veciñas, así como os visitantes, poderán ver durante o tempo que duren as celebracións.

A seguinte actividade programada polo Iescha é un concerto, o día 22, a cargo de Dúbida e Shera & Sile. Terá lugar ás 22.00 horas no templete da praza da Constitución. O primeiro é un quinteto de funk e blues creado en Santiago fai menos de catro anos. Aínda que son novos teñen unha gran experiencia musical ás súas costas. O segundo opta polo rap e ofrecerá unha alternativa musical.

Despois deste inicio tan versátil, continuará o Iescha na súa liña

cultural coa apertura da XII edición da exposición *Tal como eramos, fotos para o recordo*, que chega á súa XII edición dentro da Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba. Inaugurarase o 29 de agosto ás 20.00 horas.

Esta mostra está integrada pola reprodución de fotografías procedentes da fototeca do Iescha, e é posible grazas ás aportacións de moitos veciños e veciñas de Vilalba e comarca.

As fotos que compoñen a Exposición, repartidas en varios paneis, son de temática variada e a maioría delas corresponden ao século XX.

A seguinte cita será o día 1 de setembro, para poñer en valor a figura de Ramón Chao, coa proxeción dun documental, *O camiño de Ramón Chao tralas pegadas de Prisciliano*, no auditorio municipal, ás 19.00 horas. Contará coa participación de Aser Álvarez e Moncho Paz.

Completa a programación a presentación do foto libro *Lumes*, de Adra Pallón, actividade prevista ás 20.00 horas na sala de exposicións do auditorio municipal.

Adra Pallón é un fotógrafo docu-

mental que a través de proxectos de longa duración nos que emprega fotografía e multimedia tenta explicar os problemas sociais que están presentes na rexión ou grupo social co que se integra ou do que forma parte. O obxectivo de toda a súa produción fotográfica é documentar a realidade próxima, aquela en a que se atopa inmerso e da que pode entender por completo os seus códigos sociais e culturais. Para levar a cabo ese labor, durante os últimos cinco anos estivo traballando en proxectos de fotografía documental e multimedia, abordando diferentes temáticas de carácter social e ambiental a través da fotografía fixa e o audiovisual. Algúns dos seus traballos persoais foron recoñecidos en diferentes certames de fotoperiodismo e fotodocumentalismo: IV Bolsa Joana Biarnés de Photographic Social Vision, BarThur Photo Award, Premio Luis Valtueña, POY Latam, Galicia en Foco, Prémio Estación Imagem, Screenings do Visa Pour l'Image de Perpignan, II Premio Héctor Zampaglione, entre outros.

O libro conta desde moi dentro a historia dun mundo en extinción: o territorio rural galego dos nosos días.

Pechará a programación dirixida polo Iescha a ofrenda floral e recitado en homenaxe a Manuel María no XX cabo de ano do seu pasamento. Será ás 13.30 horas do domingo 8 de setembro na casa da cultura.

PRÓXIMOS ACTOS DO IESCHA
ACTOS ORGANIZADOS POLO IESCHA PARA AS FESTAS PATRONAIS DE VILALBA
AGOSTO-SEPTIEMBRE 2024

- AGOSTO 21** MÉRCORES: EXPOSICIÓN DE PINTURA "PINCELADAS E TRAZOS" MARÍA JESÚS SANTALLA FERREIRO (MASU) ÁS 19:00 HORAS NA CASA DA CULTURA
- AGOSTO 22** XOVES: CONCERTO DE VERÁN a cargo dos grupos SHERA & SILE - DÚBIDA ÁS 22:00 HORAS NO TEMPLETE DA MÚSICA DE VILALBA
- AGOSTO 29** XOVES: XII EXPOSICIÓN TAL COMO ERAMOS FOTOS PARA O RECORDO ÁS 20:00 NA SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO
- SEPTIEMBRE 1** DOMINGO: ESTREIA DO DOCUMENTAL E PRESENTACIÓN DO LIBRO O CAMIÑO DE RAMÓN CHAO TRALAS PEGADAS DE PRISCILIANO ÁS 19:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL
- SEPTIEMBRE 6** VENRES: PRESENTACIÓN DO FOTO-LIBRO LUMES de ADRA PALLÓN ÁS 20:00 HORAS NA SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO
- SEPTIEMBRE 8** DOMINGO: OFRENDA FLORAL E RECITADO HOMENAXE A MANUEL MARÍA NO XX CABO ANO DO SEU PASAMENTO ÁS 13:30 HORAS NO ESPAZO MANUEL MARÍA

O IESCHA. O Instituto de Estudos Chairegos Pena do Encanto ten fixados como fins nos seus Estatutos: a investigación, o estudo, a conservación, a defensa e a difusión da Cultura Galega, especialmente no que se refire á lingua, á historia e ás tradicións de Galicia, en xeral,

e da Terra Chá, en particular. Ten unha intensa actividade cultural que se desenvolve durante todo o ano en todos os ámbitos artísticos, amparado para unha traxectoria impecable e moi completa desde o verán do ano 2000, ano da súa fundación.

mi Cama me mimma
alta colchonería

Rúa Benxamin Paz,
25 Baixo - Vilalba
Tfnos.: 982 878 573
697 294 123

TELF.: 692 071 240
DIR.: RÚA DA PRAVIA 46 ENTRESUELO C,
VILALBA 27800 (LUGO)
'GALERIAS CAMBA'

BARBERÍA
DE JULIO

A Carballeira
PENSIÓN e ALBERGUE

C/ Ciudad de Vivero, 34. 27800 Vilalba
Tlfno. 673731189
agonzalezvillares1974@gmail.com

APOIO INSTITUCIONAL

As festas desde tres puntos de vista municipais

Cultura é unha das atribucións que foron para Vilalba Aberta no reperto das concellerías tralo pacto

Jessica Fernández

As tres áreas que levan os tres concelleiros de Vilalba Aberta están moi relacionadas coas Festas do San Ramón e Santa María. Así, falamos con Modesto Renda, vicealcalde e concelleiro de Urbanismo, Mobilidade, Infraestruturas Rurais e Desenvolvemento Industrial; con Tamara Rodríguez, tenente de alcalde e concelleira de Cultura e que se despide do seu cargo tralas festas; e María Xosé Fernández, concelleira de Comercio, Turismo e Promoción da Lingua.

Modesto Renda, responsable de Urbanismo, Infraestruturas e Industria

Que destacaría da organización das Festas do San Ramón?

Eu deste San Ramón destacaría a valentía dos veciños que se animaron a formar unha comisión. Eu creo que son un exemplo no que nos temos que mirar. Eles non pediron nada a cambio e fixeron un traballo de feito desinteresado. Estamos en débeda con eles.

Este ano o orzamento para as festas foi de 60.000 euros, 20.000 euros menos que o presuposto do ano pasado, xa que conseguimos renovar o contrato do lixo por 1.600.000 euros e tamén renovamos o contrato do SAF por valor de máis de 3 millóns de euros, polo que tivemos que axustar o presuposto nas demais áreas,

xa que non quixemos subirlles os impostos aos veciños. Tendo en conta que o diñeiro que entra é de 12 millóns de euros, e os gastos aumentaron, tivemos que facer oco. A comisión de festas podía chegar a onde o concello non podía, cunhas marxes de maior liberdade, e conseguir máis diñeiro que un concello.

Foi unha decisión difícil, por iso valoramos aos veciños, que son os verdadeiros protagonistas. Por último, queredo engadir que o fermoso das festas é que hai moitos vilalbeses na diáspora aos que queremos moito, e velos a todos agora, fainos moita ilusión. Por iso animamos a todos os vilalbeses veñan, que disfruten e que sexan unhas grandes festas do San Ramón.

Un ano de Goberno en coalición, cal é o balance do novo goberno desta lexislatura?

Como balance deste ano de lexislatura, eu destaco a boa organización do Goberno de coalición. Normalmente, as negociacións son complexas e non quedan totalmente delimitadas as áreas, e nós fixemos un esforzo moi grande na negociación e iso estase traducindo en que Vilalba Aberta asume con total liberdade as súas áreas, ao igual que pasa na parte do PSOE. Esa organización posibilita a saúde e duración do Goberno.

Viñamos dunha experiencia previa na que as cousas non saíran



ben e agora estase dando resposta ás necesidades do veciños. En materia de infraestruturas e obras, o PSOE leva o ámbito urbano e nós levamos a zona rural. Tiñamos como obxectivo que se destinara o mesmo investimento na vila que na zona urbana, e estámolo facendo, poñendo o rural como protagonista.

Cales son as accións máis destacadas na súa área neste primeiro ano?

A primeira medida que puxemos en marcha foi escoitar parroquia a parroquia aos veciños do rural. Ademais, xestionamos a mobilidade e urbanismo de Vilalba, poñendo como punto principal un plan para ampliar e mellorar o polígono industrial. Estas accións posibilitan coñecer o rural e a vila moito máis. A segunda acción a resaltar é o investimento de máis de medio millón euros que investimos na zona rural en menos dun ano. Así, Vilalba Aberta destinou 560.000 euros ao rural antes de cumprir o ano de lexislatura. Iso foi posible grazas ao acerto no destino do diñeiro e como base a

iniciativa de ir parroquia a parroquia a saber cales eran as necesidades. Todo non se pode cumprir, pero pódese ser máis eficiente. Tamén destacar en mobilidade os cambios que fixemos en canto á sinalización, aínda que falta moito por facer; a ampliación da zona azul, o plan piloto da peonalización da praza de Santa María, coa idea de que se estenda á zona vella; e o cambio da dirección da rúa da Pravia. E, por último, en materia de urbanismo, cando eu cheguei vin un departamento con profesionais maravillosos, pero que pola dinámica do Concello, estaba sobrepasado e había retraso na licitación das obras de actividade de 5 meses. Por iso, suprimimos a ineficiente comisión de urbanismo e, así, que o veciño ou empresa non tivera que esperar. Agora, temos as licencias ao día e fixemos unha reestruturación na área. Ademais, estamos moi preto de dar moi boas novas con respecto a un posible PXOM que levaremos a pleno, algo que é moi importante.

Que queda por facer nos próxi-

mos anos de lexislatura?

Queda, e de feito estámolle dando prioridade, acometer o cambio na normativa urbanística para aumentar o polígono industrial. Esperemos que poidamos adjudicar algunhas leiras a empresas para conseguir a ampliación do polígono, que é prioridade. Outro tema necesario é regular a ordenanza de terrazas, tendo como referencia e seguindo a liña do que se fixo en Sarria. Queredo ser o máis permisivos posible coa hostalaría e adaptar a liña de traballo que seguiron en Sarria, pero adaptando a normativa ás condicións propias de Vilalba. Outra cousa fundamental no segundo ano será que Vilalba teña máis espazos públicos para o estacionamento. Imos sacar un concurso para que os donos de leiras poidan presentar solicitudes como propietarios de parcelas de particulares e que, así, o Concello de Vilalba, a través dun alugueiro de ditas leiras, poida ofrecer aos veciños un espazo onde poder aparcas os seus coches. Esta iniciativa é interesante para darlle alternativas aos condutores que queiran ir ata a rúa da Pravia e á zona vella e dispoñan dun sitio onde deixar o coche. A peonalización limita o espazo para aparcas, por iso debemos darlle saída. Por outro lado, no rural investimos medio millón de euros, que parece moito, pero hai moito por facer. Vilalba é o segundo concello de Galicia en extensión e o primeiro en vías municipais e para nós é fundamental instar á Xunta, que sacou unha liña de axudas específica para o arranxo de vías en concellos onde hai concentración parcelaria, e nós temos tres parroquias con esta tipoloxía e, a pesar disto, Vilalba quedou fóra desa liña de axudas; para que o Concello non volva quedar fóra

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842



desa liña de axudas porque sería beneficioso para as parroquias e, á vez, que as zonas rurais puideran ter máis diñeiro municipal para outras cousas.

Tamara Rodríguez, concelleira de Cultura

Por que xurdiu a idea de formar unha comisión de festas?

A idea xurdiu tras ver a situación no departamento de Cultura, xa que os orzamentos, por mor de ter que facer unha nova contratación do lixo e do SAF, que se leva moito orzamento, a área de Cultura foi a máis desfavorecida. Xa o ano pasado consideramos que o presuposto destinado ás Festas do San Ramón era insuficiente, tendo que aprazar concertos, e foron 80.000 euros, e este ano tiñamos 60.000 euros; polo que estiven vendo como cadrar todo e que non se perdesa nada da programación. Así, démonos conta de que a única forma de sacar isto adiante era buscar unha comisión de festas e así o fixemos. Aínda así, non me desvinculei da organización; estiven a tope e sigo con eles, así como deixarei o cargo despois do San Ramón, xa que non os quero deixar colgados e quero seguir con

eles ata o final.

En que consiste o Proxecto Emprazadas que puxeron en marcha este ano?

Tendo en conta que nun ano pouco se pode facer, xa que a dedicación exclusiva consiste en aprender e en darte de conta do que podes ou non podes facer; puidemos sacar adiante un proxecto novidoso que é o Emprazadas, que está pensando para devolver a vida ás persoas na praza Santa María. Xa no programa electoral de Vilalba aberta levamos o tema de poder peonalizar a praza e quitar os coches, e dando voltas e copiando a iniciativa de Muralleando de Lugo, decidimos que a mellor maneira para chegar a este obxectivo era darlle vida á praza, non só no San Ramón, senón durante todo o ano ir programando eventos culturais para que a xente se animara, que descubriera a praza e que disfrutara dela. Non fixemos todo o que queríamos por falta de orzamento, pero acollemos moitos e diversos actos musicais, teatrais e culturais. Síntome orgullosa e creo que se van seguir facendo cousas nesta liña cando eu non estea.

Por que é importante dispoñer de concertos nesta praza?

Outro dos obxectivos do Proxecto Emprazadas é axudar tamén á hostalaría e ao comercio da zona, polo que organizamos concertos e outros actos culturais para potenciar que as persoas de Vilalba vexan que hai movemento no pobo, que non está morto. Respondendo a comentarios e críticas, cabe dicir que os concertos que se organizan son de pequeno formato e, aínda que ás veces parece que non hai moita xente ao redor deles, dinamizan a vila e promoven que a xente se achegue polo menos a escoitar e a ver que está pasando. O outro día, por exemplo, veu Catuxa Salom e gustounos moito. E, ademais de fomentar a vida da vila, tamén quedan moito peregrinos a ver os concertos, que lles animan na súa travesía. Queremos que haxa ambiente en verán en Vilalba, promover a vida na rúa e que a xente se anime a dar unha volta e consuma no comercio local. En definitiva, o obxectivo é achegar todo tipo de cultura de diversos tipos a todos os públicos, para que poidan disfrutar da súa vila; así como devolver a praza ás persoas.

Como cre que o vai facer Mónica no seu posto?

Mónica, a parte de compañeira, é amiga desde hai 15 anos, e ela sabe que pode contar comigo para todo. Deixo isto pero non deixo Vilalba Aberta, polo que me teñen aí para axudarlles. Con respecto a ela, non podo falar sobre o seu traballo futuro, pero estou segura de que vai seguir coa liña de traballo.

María Xosé Fernández xestionadora Comercio, Turismo e Promoción da Lingua

Como cre que van ser estas festas?

As festas alórganse máis ou me-

nos dependendo das datas, e son festas que teñen de todo. Porén, contan cun presuposto inferior a outros anos e por iso hai que agradecer o esforzo da comisión para o disfrute dos veciños. É o meu primeiro ano como concelleira, pero son de Vilalba, entón sabemos que contaremos con todos os familiares dos residentes do Concello porque a xente retorna, e ese feito de compartir e estar todos xuntos é moi bonito. Como sempre, hai moitísima xente e este ano, que cadra en fin de semana, esperamos aínda máis.

Como afectan ao turismo de Vilalba?

As Festas do San Ramón teñen moito impacto a nivel de Turismo. Non podo dicir cifras exactas, porque agora mesmo leva máis dun mes pechada a oficina de turismo por baixa laboral da compañeira que o levaba, pero esperamos que, coma sempre, haxa un impacto positivo na vila porque, ademais, por Vilalba pasa xente de todo o mundo. Así, crece a economía nestas datas, sobre todo polas consumicións nos locais de hostalaría e no comercio, no que

tamén se vende máis. Nas festas, todo é motivo de aumento de consumo. As festas de San Ramón sempre foron festas moi concorridas e sempre funcionan.

Que outras iniciativas se poden levar a cabo arredor destas festas para promover o coñecemento da vila e da comarca?

Cando son as festas, a xente vén a iso exclusivamente, pero outras persoas que pasen e queden na festa de paso, poden ver moitas cousas en Vilalba, que aquí hai moito que ver e visitar. Dos lugares que eu recomendaría pola súa historia é Pena Grande, rutas, zonas termiais... Temos moito que ofrecer. Tamén no ámbito cultural, xa que se poden disfrutar de exposicións e actividades culturais para que a xente que veña non se aburra. Ademais, Vilalba é a vila grande do Camiño do Norte e contamos con feiras gastronómicas como a do Queixo de san Simón, a do Capón, e a do roscón de Vilalba, que é moi típico de aquí. Eu animo a todo o mundo a dar unha volta pola festa e por Vilalba, porque a xente de Vilalba é moi acollidora.



Neumáticos VILLALBA

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
 ALINEADOS DE DIRECCIÓN
 RECARGA AIRE ACONDICIONADO
 CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
 DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
 AMORTIGUADORES
 RÓTULAS DE DIRECCIÓN
 LLANTAS
 BATERÍAS
 ACCESORIOS

Financia tus compras sin intereses

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 20:00

SÁBADOS DE 10:00 A 13:30

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28

www.neumaticosvillalba.es

Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.facebook.com/neumaticosvillalba

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

COLABORACIÓN

Lembranzas do San Ramón de Vilalba

NOTAS VILALBESAS



Manuel Rivas

Xa pasaron moitos anos e aínda sigo lembrando con agrado aqueles tempos da infancia e mocidade nos que me achegaba con ledicia e curiosidade á capital da Chaira para divertirme cos compañeiros e amigos no medio daquel barullo e observar con ollos curiosos as novidades que podían sorprendernos polas festas do San Ramón, a festa por excelencia da Chaira. Un día desas festas, quizais polo ano 1963 ou 64, andaba despistado con outros compañeiros no medio da zona máis atractiva para os adolescentes: tómbolas, coches de choque, tiro con escopetas de balotes que sempre apuntaban mal, o carrusel e as típicas chilindradas para nenos e rapaces, cando de súpeto nos atopamos a poucos metros e de fronte co que daquela era ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga. A aparición en escena do personaxe cuns ollos arregalados e con aquela mirada penetrante, máis ca respecto causounos certo temor que nos fixo cambiar de rumbo para perdérmonos entre os grupos de rapaces que pululaban por alí. Aínda tería que pasar un tempo ata que caesen as vendas da inocencia dos nosos ollos e mirásemos o mundo con máis realismo. Empezaban os tempos das vacas gordas para Vilalba e as súas festas. Notába-

se polo aumento da cantidade de atraccións e afluencia de público. Por Vilalba pasaba agora nada menos ca o Ballet Nacional con María Rosa, como estrela e primeira bailarina. Vilalba pasa a figurar no mapa dos Festivais de España. Curiosamente desprázanse a Vilalba xente das grandes cidades de Galicia para ver o espectáculo. A experiencia foi dende logo moi bonita mentres durou.

Nos anos sesenta, Vilalba sufriu importantes cambios. Polo ano 1966 ponse a funcionar un instituto na vila. Antes era preciso acudir a Lugo para facer o Bacharelato. Lembro os tempos da nenez cando nos xuntabamos un reducido grupo de pícaros para preparar o exame de ingreso no Instituto.

So había dous lugares onde facelo: unha academia baixando cara a rúa da Ferrería e unha aula – creo que cabiamos uns trinta alumnos- que tiña o daquela Xefe de telégrafos, don Juan, fronte a capela de S. Roque. El mantiñanos a raia, cunha disciplina espartana e unha programación ben pensada lograba un satisfactorio número de aprobados. Alí acudiamos felices- tras superar o exame de ingreso- os aprobados a darlle a boa nova, resultado do esforzo que mestre e alumnos mantiveramos sen pausa durante o curso. A súa cara sempre sería, tornábase abofé sorrinte e satisfeita polo éxito colleitado polos seus pupilos.

Por agora tamén recobra vida o vello castelo que lembro cheo de silvas e herbas con algúns corvos



ou estorniños nas alturas. A vella mole de pedra abandonada foi restaurada e convertida nun lucido Parador nacional chegando a ser o edificio máis emblemático de Vilalba. Inaugurouse en 1967 con tan só 6 habitacións amplas e diáfanas. Por aqueles anos estando alí de conserxe un tío meu, tiven a oportunidade de subir ao alto da torre e contemplar a gran alfombra verde da chaira. Foi un recordo que nunca esquecín. Habería que esperar á entrada do novo milenio para levar a cabo o edificio que ampliou con 42 novas habitacións a vella torre octogonal, converténdose xa nun luxoso Parador nacional con 48 habitacións, dous comedores, a cafetería cun xardín xeitoso e varios salóns e zonas de lecer. Todo un luxo a medio camiño entre a capital de provincia e as praias costeiras. E non sería xusto rematar esta

breve escrita sen contar co que – ao meu ver- é o valor máis destacable da Chaira: a importante e extensa ringleira de homes e mulleres ilustres, de diferente ideoloxía, que brillaron como profesores, médicos, eclesiásticos, políticos e escritores en xeral. Outros hai que non chegaron a saír en letras impresas, pero que, co seu excepcional tesón e esforzo, foron construíndo dende a vila e dende as aldeas o que hoxe é a Chaira dende os tempos que estaba cruzada por camiños e corredoiras cheas de lama ata hoxe en día, cunha industria e unha economía onde as novas xeracións puxan por mellorar. Foron e son as súas xentes o principal valor da Chaira. As novas xeracións que collen o relevo teñen tamén o reto de conservar e mellorar o legado recibido dos seus antergos.

“Tamén recobra vida o vello castelo que lembro cheo de silvas e herbas con algúns corvos ou estorniños nas alturas”

ebdos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebdosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBDOS Obradoiro Doce



construferr
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

AS NOVAS PISCINAS

5000 persoas, no primeiro mes e medio abertas

As piscinas, que levaban varios anos sen funcionar, abriron as súas portas a mediados do mes de xuño

O Concello de Vilalba xa ten os primeiros datos das novas piscinas municipais da Madalena, que pecharon o mes de xullo recibindo a máis de 4.700 persoas. En agosto este número seguiu aumentando xa que o bo tempo axudou a achegarse á zona para refrescarse da intensa calor. “Non foi un mes de xullo cun tempo demasiado bo, e aínda así o dato é moi positivo, o que reflicte o interese dos veciños e visitantes polas novas instalacións”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. Este espazo de lecer conta con



tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros de profundidade máxima, e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. Ademais, as instalacións tamén contan cun edificio de servizos que se atopa semisoterrado nunha das ladeiras do espazo e no cal se integran os vestiarios, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona para recepción. A intención é que a transición dende a contorna da praia fluvial ao espazo propio das instalacións recreativas se conciba como un lugar único, integradas ambas zonas nunha soa. O proxecto tamén inclúe unha rampla que comunica a cota superior da plataforma coa da praza onde se

dispoñen os servizos propios da praia. Pola súa banda, na zona sur, a parte arborada serve como límite natural e como espazo de descanso de pavimento vexetal con zonas de sol e sombra, complementando os espazos de solarium que se prevén xunto ás piscinas. “Unhas piscinas para os nosos veciños e veciñas, e tamén para persoas doutros concellos interesadas nesta proposta de ocio, de calidade, familiar e en contacto coa natureza”, engadiu Rouco. Logo da apertura das instalacións, o pasado sábado 15 de xuño, a veciñanza puido gozar de 5 días de portas abertas para coñecer todos os detalles das novas piscinas do municipio vilalbés. Non obstante, as condicións meteorolóxicas impediron que os visitantes aproveitaran a súa

visita para darse o seu primeiro baño. Foi por isto, polo que se ampliaron ata o 22 de xuño, día no que se fixo a inauguración oficial, ás 18.00 horas, cun concerto de Carolina Rubirosa Trío. As piscinas teñen un horario de 12.00 a 20.00 horas de luns a domingo, ata que remate a tempada. As entradas teñen validez por unha xornada podendo entrar e saír as veces que se desexe. O prezo é de 0 euros para menores de 2 anos, de 2,50 euros para nenos e nenas de 3 a 14 anos e de 3,50 euros para maiores de 14 anos. Ademais, a veciñanza e os visitantes contarán coa posibilidade de adquirir un bono de 10 baños por un prezo reducido que será de 20 euros para menores de 14 anos e de 30 os maiores desaxidade.



Desexámosvos unhas Boas Festas.
NOVALUX
 óptica & centro auditivo

Av. Galicia, 91 · As Pontes

☎ 981 451 504

Placido Peña, 9 · Vilalba

☎ 982 510 100

QUE FACER EN VILALBA

Para desfrutar da natureza e o patrimonio

Vilalba conta cunha importante herdanza patrimonial que visitar durante estas festas

Cunha superficie de 379,36 quilómetros e 13 870 habitantes, a localidade de Vilalba, ademais de contar cunhas emblemáticas festas, agocha grandes elementos paisaxísticos, numerosos restos arqueolóxicos, augas con poderes curativos, ademais dunha riqueza natural que a establecen como unha das grandes vilas da provincia de Lugo.



CASCO HISTÓRICO

O recorrido polo casco histórico comeza na praza de Suso Gayoso, onde se atopa a Pravia, que é unha árbore centenaria que da a benvida aos visitantes. Cerca da praza se atopa a Torre da Home-naxe do Castelo de Andrade e, non moi lonxe de alí, está a Porta da Cima, onde se atopaban unha das entradas á antiga muralla. Nesta ruta, agóchanse outros puntos de interese, como a Praza de Santa María e a súa igrexa parroquial, a Praza da Constitución ou a Rúa do Sol, cunha das casas máis antigas de Vilalba e as súas pintorescas fachadas.

CASTELO DE ANDRADE

Esta arquitectura medieval, construída non século XIII, é un auténtico tesouro histórico, que coa súa beleza arquitectónica, a súa historia cativadora e a súa importancia cultural convérteno nun lugar indispensable para todos os amantes da historia e a arquitectura medieval. Os seus altos muros de pedra e as súas torres defensivas son un fiel reflexo das técnicas de construción da época, así como da importancia militar desta fortaleza no pasado.

MONTE MONSEIVANE

Cunha extensión de máis de 20 quilómetros, a ruta de sendei-



rismo polo Monte Monseivane ofrece unha experiencia inigualable para aqueles que buscan estar en contacto directo coa natureza e desfrutar de fermosos paisaxes. Durante o percorrido, os excursionistas poderán admirar unha gran variedade de flora e fauna, o que converte este camiño nun verdadeiro paraíso para os amantes da natureza. Unha vez rematada, chegase ao propio monte que, cos seus 929 metros de altitude é o pico máis alto do conxunto montañoso da Serra da Carba. Desde o propio miradoiro, obsérvase toda a planicie que forma a denominada comarca da Terra Chá, e mesmo algunhas localidades próximas como Cospeito, As Pontes e a mesma Vilalba. Como parte desta idílica paisaxe aquí residen cabalos e vacas salvaxes, os primeiros protagonistas absolutos das famosas "rapas das bestas" na que se marca e corta as crinas a estes animais.

CRUCEIROS DE VILALBA

Para os que non sexan tan fanáticos do monte, pero queiran facer unha andaina de todos os xeitos, poden realizar unha ruta polos típicos cruceiros da localidade, que se reparten entre os atrios da igrexa e cruces de camiños. Entre eles, sobresaie o Cruceiro de Lazán, situado na parroquia de Tardade e datado do ano 1906. Sobre a súa base atópase unha figura sedente de Ecce homo que conserva restos de policromía; o fuste, decorado con relevos dos elementos da paixón de Cristo, está coroado por un capitel cadrifonte con volutas, que mostra querubíns e aparece orlado por cadeas; a cruz, acompañada de dúas figuras menores de iconografía irrecoñecible, está presidida polo Crucificado, cuxos pés repousan nunha caveira, na parte posterior da cruz exhibe o grupo da Piedade.

RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

REIGOSA & VARELA
ECONOMISTAS

Praza da Mina - nº4 baixo 27002 LUGO
982 255 026
asesoria@reigosayvarela.com

www.reigosayvarela.com

Economistas
Fiscal, Contable, Laboral y Mercantil
Consultoría Subvenciones
Reestructuración empresarial

TAR
ASESORES

Campo Puente Nº 27-29 Entrechan B 27800 Vilalba
982 510 300
vilalba@reigosayvarela.com



No centro de Vilalba, atópase o Cruceiro de Catro Camiños, datado do ano 1874. Trátase dun cruceiro de granito que ten a figura de Cristo no anverso e a da Dolorosa no reverso.

Xa non resto dos templos vilalbeses, encóntranse o resto de cruceiros, como Nete, Codesido, Santaballa, San Simón ou Gondáis-que son algúns dos seus exemplos máis reseñables.

PENA GRANDE

Pena Grande é o xacemento paleolítico máis importante e monumental de Galicia, onde grupos de cazadores nómades acamparon baixo este potente afloramento rochoso de xeito estacional. Dende o seu asentamento privilexiado, ben protexido das inclemencias do frío da época, controlaron as migracións das grandes manadas de animais que cruzaban o territorio.

PASEO FLUVIAL E LITERARIO

O paseo fluvial, na contorna do río Magdalena, ten o seu inicio no Muíño do Rañego e finaliza na praia fluvial. Nesta zona do río pódese divisar unha illa, na que se ten a oportunidade de contemplar diversas especies de árbores forestais e ornamentais.

A praia fluvial, que é o lugar onde finaliza esta ruta, ten unha zona de merendas onde descansar do paseo, e tamén conta cunha importante oferta de actividades lúdicas onde continuar gozando do tempo de lecer, como os baños

no río, na piscina ou a práctica de diversos deportes. Tamén se pode destacar a fonte de auga potable, onde moitos vilalbeses recollen a auga que consumen diariamente.

PAZO DE PENAS CORVEIRAS

O pazo de Penas Corveiras ou pazo de Conde Pallares está situado nunha ladeira da parroquia de Santiago de Sancovade de Vilalba, a uns poucos centos de metros da estrada N-634, na saída de Vilalba cara a Baamonde. Esta construción, considerada patrimonio civil, ocupa unha superficie total de case mil metros cadrados repartidos en tres plantas, con dez habitacións e tres baños, e nunha leira que xira ao seu redor. Ademais, destaca a superficie do seu redor, dunha extensión aproximada de 25.000 metros cadrados, entre os que destaca o paseo dos Condes na parte superior, quedando este pazo na parte baixa deste prestixioso paseo.



LIGA SANTABALLESA

Escola Habaneira levantada a principios do século XX, grazas ao impulso e donativos dos emigrantes de Cuba. Alberga no seu interior un pequeno museo que recrea o antigo centro educativo; cunha reconstrución da aula, das zonas administrativas da escola e da vivenda dos mestres.

Xunto á escola hai un pequeno xardín botánico e tamén se pode visitar unha curiosa recreación dun dolmen e dun poboado castrexo. Tamén hai escolas habaneiras en Lanzós, A Costa, Goiriz e Corvelle.

MUÍÑO DO RAÑEGO

Situado xunto ao Río da Magdalena, o Muíño do Rañego é un conxunto de arquitectura tradicional (composto por un cruceiro contemporáneo e unha fonte escultórica) rodeado dun entorno natural que constitúe un recuncho emblemático da vila. Estivo en funcionamento ata finais dos anos 60, foi rehabilitado no ano 2000 e, hoxe en día, funciona como centro de interpretación etnográfico e sede de diversos actos culturais.

Completa un conxunto de varias pasarelas de madeira que cruzan o río e as antigas presas do muíño. É, ademais, o punto de inicio do paseo fluvial.

Outro dos muíños que pode ser de interese é o Muíño da Magdalena, que se atopa seguindo o recorrido hasta a praia fluvial.

Malia o estado no que se atopan



ámbolos dous, supoñen un atractivo máis dentro da Ruta fluvial vilalbesa debido á tradición cerealística da comarca.

XISTRAL

A Serra do Xistral conforma cos montes da Toixa e da Carba o macizo montañoso que separa a Terra Chá do mar. O Xistral, xunto coas ribeiras do río Sor, está declarada Espazo Natural Protexido, polo que configura un lugar axeitado para gozar da natureza en estado puro. Na serra habitan greas de cabalos ceibos e a humidade da zona fai prosperar multitude de especies autóctonas, polo que nun paseo por estas paraxes pódense atopar bosques de amieiros, freixos, salgueiros ou acivros. É salientable a constante presenza da auga, ben en forma de lagoa, estanque ou río. Entre a fauna habitante do Xistral, mencionar ao lagarto das silvas e á lagartixa das brañas, que ten nesta serra unha das poucas localidades de presenza en Galicia e que, ademais, ten aquí o seu límite occidental de distribución na Península Ibérica. Os ventos batan todo o ano nestes montes onde se encontra un único e célebre mineral denominado Cuarquita do Xistral.

A CHARCA DO ALLIGAL

A localidade de Codesio, en Vilalba, acolle unha piscina termal coñecida como Charca de Alligal que, segundo a lenda, a fonte de auga que se atopa neste sitio considerábase medicinal. As súas augas son

de mineralización débil e a xente acude para tratar enfermidades reumáticas e afeccións crónicas da pel, como psoríase ou eccemas. A Charca do Alligal, é un remedio gratuito e centenario que aínda que mudou a súa estética no século XXI, a súa esencia é a mesma daqueles anos nos que os bañistas se untaban co seu barro para curar problemas de pel. Dispón dunha fonte, de aparcaido e vestiarios durante o verán; ademais de aseos e un bar que fan que sexa unha paraxe moi frecuentado, tanto polos turistas como polos veciños da zona.

GASTRONOMÍA

A maiores dos lugares espectaculares, esta vila conta cunha gastronomía que non deixa indiferente a ninguén. É o municipio que posúe o maior número de produtoras do queixo San Simón da Costa (elaborado artesanalmente con leite de vaca), tamén está o afamado Capón de Vilalba ou o roscón de Vilalba (elaborado con base de amendoas).

Esta localidade conta cun gran número de establecementos que preparan boas e variadas tapas, principalmente, en receitas da cociña tradicional galega e nas distintas especialidades da casa. Ademais do tapeo habitual, ao longo do ano organízanse xornadas e rutas de tapas relacionadas cos produtos típicos da zona coma o Queixo DOP San Simón da Costa (a principios de abril) ou o IXP Capón de Vilalba (a mediados de decembro).

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

AS FESTAS DO ANO PASADO



A veciñanza participou activamente nas sesións musicais que se convocaron no programa das festas do ano pasado



ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com



DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREAR RACIONES CARTA
REVUELTOS FRIENDA CEMIZA ALCO PICAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD DE BARBIL ALCO PARA
PASTAS FRENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
RAXO PATATAS NUESTROS DELICIOSOS
COMPARTIR TAPAS



A actuación da banda e de grupos locais foi un dos puntos principais das celebracións do 2023, na que a parroquia homenaxeada foi **Noche**



<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> 	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p> 	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	--	--

RAMÓN CHAO

Ramón, tiñas razón

O día 1 farase unha homenaxe a Ramón Chao coa proxección dunha película e a presentación dun libro

Moncho Paz

Ramón Chao marchou de Vilalba sendo un raparigo, para converterse nunha promesa do piano. Un neno prodixio, ao xeito de Pepito Arriola ou Arturito Pomar. Na capital da Terra Chá deixou atrás aos amigos e tamén aos primeiros amores. E todo pola obsesión do pater familias, con quen axustaría contas coa publicación en 1983 de *O lago de Como*, a súa primeira novela e a causa principal dos malentendidos que xurdiron na vila. Aquela situación provocou que o autor decidise pasar ao anonimato e regresara de cando en vez, pero de incógnito. Como o día no que apareceu disfrazado, presentándose como un afamado pianista romanés, coa intención de pasar desapercibido. “Só me recoñeceu o can da familia, mentres estaba tomando un café na terraza do bar Fornos”, diría tempo despois. Vilalba sempre estivo presente na obra de Ramón. Identificada como Reigada en *O lago de Como* (1983), segue a aparecer en libros posteriores: *Un tren de xeo e lume*. *Mano Negra* en Colombia (1994); *Un posible Onetti* (1994); *Prisciliano* de Compostela (1999); *A paixón de Carolina Otero* (2001) e *Porque Cuba eres tú* (2005), entre outros.

As referencias a Vilalba son constantes: lugares, vivencias e persoas, fundamentalmente do eido familiar, e de xeito especial a figura do pai. Como recoñeceu nunha entrevista en 2010: “Estaba tiranizado por el e sabía que non tiña máis solución que seguir coa música para marchar do pobo. E así foi. O meu pai traballou a miña carreira con xamóns, lacóns e outras viandas que mandaba a Madrid para conseguir enchufes. E eu enganábao. El cría firmemente no que estaba creando”. No libro dedicado á viaxe colombiana de *Mano Negra*, a banda dos seus fillos Manu e Antoine, fai referencia á súa avoa Lola, “que marchara cara Cuba, fuxindo do seu home zarapalleiro e borrachón. Púxose de criada na casa de Mario García Kholy e liouse con el”. Tratábase do xefe de policía que chegou a ser ministro dúas veces con Tomás Estrada Palma, o primeiro presidente da illa caribeña, e logo embaixador en España. A súa avoa reaparece en *Porque Cuba eres tú*, unha mistura de crónica histórica e ficción, que narra a viaxe de Lola á Habana dende a parroquia vilalbesa de Lanzós. Inicialmente Ramón pensara no título *Tú*, como a coñecida habanera de

Eduardo Sánchez de Fuentes, cuxa letra tivo varias versións; unha delas, asinada con pseudónimo, era precisamente de García Kohly. “En realidade ese home foi o meu avó, segundo me contou un veciño de Vilalba que tamén estivera en Cuba, o pai das Anduriñas. Na miña casa non se podía falar do tema, pero unha vez fixen unha proba; conseguín unha foto súa e amoseilla á miña nai, preguntándolle quen era aquel señor. Ela respostoume que era o meu pai, e eu díxenlle que era o meu avó, xa que o parecido físico era tremendo”, lembraría Ramón anos despois. En *Un posible Onetti*, Ramón respira “o cheiro da miña Reigada perdida”, cando visita ao escritor uruguaio na súa casa da Avenida de América, en Madrid; alí é recibido por Dolly, a leal compañeira que fai posíbel que Chao incorpore, mesture e confunda -ao longo dunha entrevista de varias xornadas- párrafos dos contos e novelas de Juan Carlos Onetti con diálogos literarios. Cando este confesa que non teme á morte, xa que ten a certeza de que os seus personaxes o acompañarán ao chegar ese intre, Ramón afirma categórico: “Eu vouno facer mellor ca ti. Levareinos postos” (fala das tatuaxes que faría despois, unha por cada libro publicado). Outra vez Vilalba, en pleno camiño de Prisciliano, cando Mario Luis (como se autoidentifica Chao en toda a súa obra) entrevista a Gonzalo Torrente Ballester en Madrid para o xornal *Le Monde*. E dille ao escritor ferrolán: “A comezos dos



anos cincuenta adoitaban ir Cunqueiro e vostede á feira dos capóns de Reigada e hospedábanse no hotel do meu pai, que era o único decente que había no pobo. Por suposto que me refiro ao hotel e mesmo esaxero. Eu era un cativiño e vostedes célebres. Impresionábanme moito”. Vilalba aparece de novo na novela *A paixón de Carolina Otero*, na pasaxe na que o autor describe ao Panqué, “un cacique da vila que non variaba nunca, nin de neno nin de maior, a súa merenda de pan con queixo” (de San Simón). E sobre o mesmo personaxe engade que era “extravagante e parviolo” e “un día caeu a súa muller do Fiat Topolino entre Lugo e Vilalba, unha hora de traxecto: el esbardallando e a outra berrando na beira da estrada”. Ramón Chao promoveu connosco (e co apoio de Ignacio Ramonet, Jean-Claude Carrière e Jacek Wozniak) a reivindicación da memoria de Prisciliano a través dunha iniciativa de ámbito internacional: Amigos de Prisciliano, que xurdiu como colectivo cultural e dez anos

despois transformouse en asociación. O mártir de Tréveris aparece representado nunha figura de terracota, obra do escultor mallorquino Eduardo Servera, e pódese contemplar no Mesón de Lázaro, en Compostela. Sería un bo agasallo de San Ramón que este chairego universal, distinguido Cabaleiro das Artes e das Letras de Francia polo Goberno de François Mitterrand, fose nomeado Fillo Predilecto de Vilalba a título póstumo, pois sempre levou á nosa vila no peito. Tras pechar o seu círculo vital e reconciliarse co pasado, confesoume que as cousas máis importantes na vida son sempre as máis sinxelas. Benquerido Ramón, tiñas razón.

A CITA

- **DOMINGO 1 DE SETEMBRO** (19.00 horas, no auditorio municipal). Proxección do documental *Homenaxe a Ramón Chao* e presentación do libro *O camiño de Ramón Chao tralas pegadas de Prisciliano*.

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com